

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 31 de marzo de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTE:**

D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día trinta e un de marzo dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(427).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta das sesión ordinarias do 28 de xaneiro, 4 e 11 de febreiro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(428).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RCA nº 442/2007 p.a.  
Demandante: D. MANUEL LORENZO MURADÁS, S.A. Obxecto: Resolución do Tribunal

Económico Administrativo do Concello de Vigo, expte. 625/550 IIVTNU. Desestimado o recurso..

- b) Auto da Audiencia Provincial en APELACIÓN 3450/2005 Demandante: D. GERARDO JUSTO PÉREZ Obxecto: sentenza do X. de 1ª Instancia nº 2 de Vigo, en relación coa acción negatoria de servidume, de cesamento, de demolición ... e responsabilidade patrimonial. Desestimado o recurso.
- c) Auto do Xulgado de 1ª Instancia nº 7 de Vigo no P.O.nº 688/2006-C. Demandante: Dª ANA I. HERMIDA PEREIRA Obxecto: acción declarativa de dominio sobre ramal nº 4 do Camiño de Linares, Oia. Desestimento da actora.
- d) Sentenza do TSXG en apelación nº. 4.180 / 2004. Demandante: CONCELLO DE VIGO. Obxecto: sentenza do X.Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela desestimatoria de recurso en relación coa caducidade da concesión hidroeléctrica denominada Salto de Vilán. Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RCA nº 323/2007 p.a. Demandante: GALORGO, S.A.Obxecto: Resolución do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, expte. 626 A 628/550 IIVTNU. Desestimado.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(429).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 2/1888, 14/696, 12/1799, 12/441, 3/1837, 13/1679, 1/2001, 1/1763, 11/1695, 11/1642, 14/1760, 14/1634, 21/1761, 21/1968, 21/1996.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da técnica responsable do Programa do Servizo de Axuda no Fogar, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Eduardo Rodríguez Alea. Expte. 2/1888/301.
- Dª. Ana Fernández Otero. Expte. 1799/12.
- Dª. Serafina Covelo Alvarez. Expte. 441/12.
- Dª. Mª José Esperón López. Expte. 696/14.
- Dª. Concepción Pérez Cuña. Expte. 3/1837/301.
- Dª. María Gómez Barcia. Expte. 1/1763.
- Dª. Rosa Cabaleiro Alvarez. Expte. 1/2001.
- D. Constante Chamorro Figueiras. Expte. 13/1679.
- Dª. Dorinda Vázquez Villar. Expte. 1760/14.
- Dª. María del Rosario Lence Pasín. Expte. 1634/14.
- Dª. Rosa González Nogueira. Expte. 21/1761.
- Dª. Filomena Gómez de la Fuente. Expte. 21/1968.
- Dª. Concepción Sánchez Cendón. Expte. 11/1642.
- Dª. Nélica Costa Romasanta. Expte. 11/1695.
- D. Julio García Rodo. Expte. 21/1996.

**4(430).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 11/030.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informe-proposta da técnica responsable do Programa do Servizo de Axuda no Fogar, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D<sup>a</sup>. Carmen Barreiro Lorenzo. Expte. 11/30.

**5(431).- SOLICITUDE DO ANPA PÁRROCO DON CAMILO DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO XXIV CROSS ESCOLAR DON CAMILO, O DÍA 6.04.08 NOS ARREDORES DO COLEXIO. EXPTE. 7710/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do director deportivo do IMD, do 25.03.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ANPA Párroco Don Camilo de San Andrés de Comesaña a organizar o vindeiro domingo 6 de abril de 2008, o XXIV Cross Escolar Párroco Don Camilo, dito Cross comenará ás 10.00 horas, percorrendo os arredores do Colexio onde estará a saída e a meta, co apercibimento de que non se pode garantir a presenza policial, debido a que ese mesmo día terá lugar outro evento deportivo que precisa gran cantidade de efectivos policiais, segundo consta no informe de seguridade.

**6(432).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE NAIS E PAIS DE ALUMNAS E ALUMNOS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2008. EXPTE. 9103/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.02.08 e de acordo co informe-proposta do xefe do técnico do IME, do 8.02.08, conformado polo xefe do Servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que supón un custe de 215.569,44.-€ (DOUSCENTOS QUINCE MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE CON COARENTA E CATRO EUROS), a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA (CIF: G-36.743.946), con cargo á partida 422 0 489 00 00 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto de 2008.

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA.

3º.- Facultar á Concelleira delegada de Educación, Dna Laura López Atrio, para asinar o presente CONVENIO:

*“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”*

*No Concello de Vigo, o día*

*REÚNENSE:*

*Dunha parte:*

*Dna. Laura López Atrio , Concelleira-Delegada do Servizo de Educación do Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas pola vixente lexislación de réxime local e o decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 16 de xullo de 2007.*

*E doutra:*

*D. Julio Melero Fernández, con DNI 36.062.058, Presidente da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca, en representación da mesma.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio e*

#### **EXPOÑEN:**

*Preténdese consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.*

*A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local contempla a necesaria participación e colaboración das institucións locais na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. Polo tanto, a LOE recolle esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.*

*A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*

*Cómpre a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as ANPAS para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. A colaboración ten como obxectivo primeiro achegar xestión pública aos intereses dos cidadáns e cidadás.*

*Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.*

*Por todo o exposto:*

#### **ACORDAN:**

*Primeiro.- O Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ó Concello neste ámbito.*

*Segundo.- Os requisitos que debe reunir a FOANPA para obter a condición de beneficiario da subvención establécense no artigo 10, da lei de subvencións. De acordo con esto, sen prexuízo das certificacións da Tesourería da Seguridade Social, da Axencia Tributaria e do tesoureiro do Concello de Vigo, achegarase a declaración da FOANPA de que non está incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención*

*senaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei de subvencións.*

*Terceiro.- O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de centros de ensino público de Vigo que representa.*

*Cuarto.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.*

*Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inxedanzas e propostas destes colectivos.*

*Quinto.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:*

- a) Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- b) desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- c) organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
- d) acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante o Departamento de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- e) entregar ao Departamento de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.*
- f) promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- g) En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, precepto que numera como tales as que siguen:*
  - Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoitar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
  - Xustificar ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e condicións, ase como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.*
  - Someterse as actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, ase como cualesquiera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.*
  - Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.*
  - Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se halla ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen perxuízo do establecido na disposición adicional decimoitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e del Procedemento Administrativo Común.*
  - Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, ase como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvenciones, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
  - Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
  - Adoitar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 desta Lei.*
  - Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 desta Lei.*

Sexto.- O Concello de Vigo pon á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca un aula-seminario, que ocupa unha superficie de 90 metros cadrados aprox e sita na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.

Sétimo.- O Concello de Vigo informará anualmente á Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca das contías e conceptos asignados ao programa de AUTOXESTIÓN para o mantemento dos centros de ensino público de Vigo.

Oitavo.- O Concello de Vigo comprométese a pagar:

215.569,44.-€ (DOUSCENTOS QUINCE MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE CON COARENTA E CATRO EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:

- PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 100.000'00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 31 de marzo.

- SEGUNDO PAGO: por importe de 57.784,72.-€ a fin de curso e antes do 01 de xullo, e

- TERCEIRO PAGO: por importe de 57.784,72.-€ , antes do 30 de novembro, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

Noveno.- Na xustificación desta subvención o primeiro pago anticipado determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesarios para a tramitación do segundo e terceiro abonos a conta, a aportación previa de xustificantes de gasto mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas. Igualmente, na liquidación final deberá quedar debidamente xustificado, o importe total da subvención concedida mediante a achega das correspondentes facturas.

Para a xustificación da liquidación final dispónse dun prazo máximo de tres meses, contados a partires do 31 de decembro de 2008 , data de remate para a execución da actividade subvencionada, sendo tamén necesario incorporar á mesma unha certificación da FOANPA sobre outros posibles fondos recibidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia.

A tramitación dos abonos a conta ao igual que a xustificación final, deberá incorporar preceptivo informe técnico emitido polo servizo de educación, que recolla a conformidade cos documentos xustificativos presentados e no que se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme ás previsións contidas nos artigos 28 e 31 da Lei de Subvencións, co rendemento da conta xustificativa, que conterá memorias de actuación e económica xustificativas.

Décimo- Esta subvención municipal é compatible con outras aportadas a esta Federación Olívica das ANPA de Vigo e comarca por organismos públicos ou privados, tendo en conta que non poderá percibir subvencións polo mesmo concepto que superen o custe total do servizo.

Décimo primeiro.- A FOANPA xestionará a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

De acordo có artigo 27 da Lei de subvencións, autorízase a FOANPA e ás ANPAS a concertar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención, tanto do servizo de comedor, mediante cáterin ou cociña, como da docencia e monitoraxe das actividades extraescolares. Como estas prestacións concertadas con terceiros exceden do 20% do importe da subvención, dito contrato deberá de formalizarse por escrito. Autorizarase polo Concello de Vigo mediante a comisión de seguemento do convenio, unha vez emitidos e vistos os informes técnicos municipais.

Décimo segundo .- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas

ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades que poden percibir estas axudas serán os comedores e actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo terceiro.- Coa firma do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizara a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, o Xefe do servizo de educación, un/ha Técnico/a do servizo de educación do Concello de Vigo e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á Foaipa, para que o estudie a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2008, o formulario contido no anexo I do convenio, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo cuarto.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo comprométese a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- De conformidade co artigo 127.1. g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto (artigo 34 LXS).

Décimo sexto.- Este convenio terá vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2008.

Décimo sétimo.- Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, sobre causas de invalidez da resolución de concesión (Art. 32 LSG), causas e réxime de reintegro de subvencións (Art. 33 LSG), réxime de infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións (Título IV) e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, as demais normas da Lei de Subvencións de Galicia.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

En proba de conformidade os representantes das partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados.”

**7(433).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DA 19.162,55 € A FAVOR DE ALECRÍN POLA XESTIÓN DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS E PISO TUTELADO. EXPTE. 3324/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de do 11.03.08 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 10.03.08, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 06/2008 do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF-G36.633.154, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 5 de marzo de 2008, por un importe total de 19.162,55€, en concepto de pernoctas e diñeiro de peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de febreiro de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller”, CIF G-36633.154, por un importe total de 19.162,55€, en concepto de pernoctas, cuota fixa e diñeiro de peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de febreiro de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

3º.- Aboar ao “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF G\_36.633.154, por un importe total de 19.162,55€, con cargo á partida 4632.227.0600 “Casa de acollida” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.”

**8(434).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2008. EXPTE. 5601/306.**

Mediante providencia da concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, de data 12.03.08, en cumprimento coa base 31ª das normas xerais de execución do orzamento de gastos do Concello de Vigo, dáse conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Medio Ambiente, durante o mes de febreiro de 2008:

CONTRATOS MENORES – Febreiro 2008

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
5521/306	4450.210.00.00	SER	Realización de traballos de recuperación da ribeira do Lagares na zona de Muíños	Sercoysa, SA	05/02/2008	08/02/2008	5.500,00 €
5546/306	4450.226.02.00	SUM	Subministración de material promocional polo programa “Vigo Camiño a Camiño”	Ediprem, SA	08/02/2008	18/02/2008	8.352,17 €
5545/306	4450.226.02.00	SER	Deseño e produción de folletos varios para programas divulgativos da Concellería de Medio Ambiente	Ecovigo Publicidad, SL	08/02/2008	18/02/2008	8.016,59 €
5513/306	4450.227.00.00	SER	Xestión de residuos sólidos urbans	Xiloga, SLU	31/01/2008	05/02/2008	12.000,00 €
5517/306	4450.227.00.00	SER	Xestión de residuos atopados en montes e vías públicas	Toca Salgado, SL	04/02/2008	08/02/2008	12.000,00 €
5547/306	4450.227.06.00	SER	Difusión e produción do programa “Vigo Camiño a Camiño”	Ecovigo Publicidad, SL	30/01/2008	29/02/2008	10.718,40 €
5514/306	4450.227.06.00	AT	Realización de traballos de vixianza ambiental dos proxectos de mellora ambiental areas Carril e Sta. Baia	Ingebaires, SL	01/02/2008	05/02/2008	5.940,00 €
5511/306	4450.227.06.00	AT	Contratación dun licenciado en dereito para o departamento de Medio Ambiente	Inés González Mtnez.	30/01/2008	01/02/2008	11.990,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.



**9(435).- REHABILITACIÓN DO BORDE MARÍTIMO DO MONTE DA GUÍA. EXPTE. 2423/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 26.03.08, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que di o seguinte:

*De conformidade coas instrucións da Sra. Concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, tralas conversas mantidas coa Xefatura do Servizo de Costas de Pontevedra o derradeiro día 13 de marzo, a tenor das diversas reunións dos demais interesados no asunto do epígrafe, en relación coas medidas a adoptar para a realización dos traballos e o uso dos terreos afectados, e ante o interese común de acometer as actuacións encamiñadas á iniciación do proxecto "Rehabilitación do borde marítimo do monte da Guía, no término municipal de Vigo", da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, no prazo máis axiña posible. Sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos departamentos municipais correspondentes se adopten as medidas necesarias para a limitación do libre paso de vehículos polos terreos, denominados camiño/cortafogos da Guía, onde se van realizar as obras e, ao mesmo tempo, se proceda a realizar os trámites precisos para a iniciación dos traballos pola administración responsable das mesmas.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**10(436).- RENOVACIÓN DE MEMBROS DO ÓRGANO XESTOR DE PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5509/306.**

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 14.03.08, conformado polo xefe do Servizo e a concelleira delegada de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1. En sesión ordinaria do 31.05.2004, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou constituir o «Órgano Xestor de Praias do Concello de Vigo»; órgano de carácter interdepartamental que, con funcións de coordinación de servizos, xestión de recursos, seguimento, informe e proposta, actuaría baixo as directrices da Concellería delegada de Medio Ambiente.*

*I.2. En virtude dese acordo, o Órgano Xestor estaba presidido polo daquela Concelleiro de Medio Ambiente, Sr. Figueroa Vila, correspondéndolle a secretaría ó Técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Sr. Núñez-Torrón López, posteriormente delegada no técnico de Admón. Xeral, Sr. Rodríguez Bartol. Formaban parte tamén do Órgano Xestor, como membros permanentes, os seguintes técnicos municipais:*

- *D. Álvaro Crespo Casal (Área de Servizos).*
- *D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García (Seguridade e Transportes).*
- *D. Eugenio Falque Quirós (Limpeza).*
- *D. Rafael Lage Veiga (Montes, Parques e Xardíns).*
- *D. Santiago Alonso Ferragud (Parque Móvil).*
- *D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro (Turismo e Comercio).*
- *D. Julio Carrasco Rodríguez (ET Obras Públicas).*

*I.3. Desde aquela data (2004), e como consecuencia tanto da renovación dos cargos electos da Corporación logo das eleccións municipais de 2007 como dos numerosos cambios de persoal experimentados nos distintos servizos con representación no Órgano Xestor, foi variando substancialmente a súa composición inicial, o que xustificaría plenamente a adopción neste momento dun acordo da XGL no que se designasen os novos membros*

do Órgano Xestor, cuestión –por certo- xa abordada na súa última reunión do 12.03.2008.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

## III. PROPOSTA DE ACORDO

Vista a normativa que antecede e a teor das designacións realizadas previamente polos/as concelleiros/as delegados/as das respectivas Áreas representadas e do acordado sobre este particular naquela reunión do 12.03.2008 do Órgano Xestor, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

- PRIMEIRO:** Designar como Presidenta do «Órgano Xestor de Praias do Concello de Vigo» á Concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, actuando como secretario o Xefe do Servizo de Medio Ambiente D. Ramón Fernández-Linares Bouza.
- SEGUNDO:** Designar como membros permanentes do citado Órgano Xestor ós seguintes técnicos municipais: D. Álvaro Crespo Casal (Xefe da Área de Servizos), D. José Ángel Otero Lamas (Deportes), D. Jesús Núñez-Torrón López (Director do Laboratorio municipal), D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García (Xefa de Transportes), D<sup>a</sup>. Pilar Díaz de Bustamante (Xefa de Turismo, Comercio e Industria) e D. Francisco Javier Carballo Acuña (Inspector principal da Policía local).
- TERCEIRO:** Sen prexuízo das anteriores designacións, a Presidencia do Órgano Xestor poderá tamén invitar puntualmente ás súas reunións a outros técnicos, municipais ou non, cando a natureza dos asuntos a tratar xustifiquen a súa presenza.
- CUARTO:** Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2004, exclusivamente no tocante á designación dos integrantes iniciais do Órgano xestor (apdos. 2º, 3º e 4º), permanecendo inalterado no que atinxe á súa constitución, funcionamento e funcións encomendadas (apdos. 1º e 5º).
- QUINTO:** Dar traslado do presente acordo a todos os novos integrantes do Órgano Xestor e ás súas respectivas concellerías delegadas para o seu cumprimento».

Non obstante, o órgano decisorio acordará, co seu superior criterio, o que estime oportuno.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(437).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á CONSTRUCTURA SAN JOSÉ S.A. POLA RETIRADA DE DÚAS XARDINERIAS DE POLICARPO SANZ PARA REALIZAR OBRAS EN CAIXANOVA. EXPTE. 3674/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro técnico

agrícola, do 13.03.08, conformado pola concelleira-delegada, que di o seguinte:

*A empresa Constructora San José S. A. solicitou o pasado 16/01/07 a retirada de dúas xardineiras na rúa Policarpo Sanz para acometer obras de rehabilitación do Centro Social de Caixanova. Por parte deste Departamento autorizouse a retirada das mesmas coa imposición dun aval por valor de 1.000,00 € para reponder dos posibles danos que se lle poidesen ocasionar as mesmas.*

*Unha vez finalizadas as obras a empresa solicitou a devolución do aval e unha vez comprobado por Técnico deste Departamento que non houbo danos nas xardineiras, por parte deste Departamento non existe inconveniente que se proceda a devolución do aval.*

*E polo que se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Que se proceda a devolución de aval requirido a Constructora San José S. A. por valor de 1.000,00 € por retirada de dúas xardineiras na rúa Policarpo Sanz por obras de rehabilitación no Centro Social de Caixanova, xa que unha vez rematadas as obras as xardineiras foron instaladas no seu sitio orixinal e non se produciron danos nas mesmas”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(438).- AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO “VIGO MEDIO NATURAL” Á FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD, DENTRO DO SEU PROGRAMA EMPLEAVERDE 2007-2013. EXPTE. 3499/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 26.03.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A Fundación Biodiversidad como xestora do Fondo Social Europeo (FSE), no seu papel de ponte entre a política de emprego e a política ambiental e, facer, por un lado, que o medio ambiente e a sostenibilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas e, por outro, lograr que os traballadores e traballadoras e as empresas sexan actores clave na mellora do medio ambiente e na sostenibilidade do desenvolvemento..*

*Neste ámbito e na busca de alianzas con organizacións e institucións que queiran realizar proxectos para impulsar procesos de cambio relacionados co medioambiente e a sostenibilidade, ten convocado dentro do programa Empleaverde un prazo para presentar proxectos que rematara o 31 de marzo de 2008.*

*A concellería da área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, en colaboración coa concellería da área de Medioambiente, Sanidade e Consumo e tendo en conta a necesidade de protección dos espazos naturais, de rehabilitalos, de armonizar o crecemento urbán e da conservación dos montes periurbanos, de preservalos para incrementar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Vigo, de aproveitar estes espazos naturais circundantes á trama urbán para xenerar conciencia medioambiental e, mediante a formación integrar no mercado laboral a colectivos con dificultades de integración como son as mulleres, aos maiores de 45 anos e a traballadores e traballadoras de baixa cualificación e formar a súa vez aos traballadores del sector ambiental que actúan nos montes comunais en man común en colaboración coas comunidades de montes, ten preparado o proxecto denominado “Vigo medio natural”.*

*O proxecto “Vigo medio natural”, ten un presuposto estimado de 415.000,00 €, e unha duración de 2 anos, deste orzamento tendo en conta que Galicia está clasificada como rexión de converxencia o importe da cofinanciación é 80%, con cargo ao FSE e o 20% con cargo ao Concello de Vigo.*

O proxecto estrutúrase nas seguintes accións:

- *Diagnósticos, estudos, metodoloxías e guías:*
  - *Guía didáctica para impulsar o respecto ao medioambiente entre a poboación escolar de Vigo, dirixida ao profesorado e ao alumnado de primaria e secundaria.*
  - *Guía divulgativa para promover o coñecemento e o uso responsable dos espazos naturais de Vigo situados nos montes periurbanos, dirixida á poboación en xeral.*
  - *Estudio sobre novos perfís profesionais no sector ambiental, con especial atención aos que poideran ser cubertos por mulleres, personas de máis de 45 anos, personas con baixa cualificación e traballadores/as procedentes do sector ambiental posto que éstos son os/as destinatarios/as prioritarios do proxecto.*
  - *Material informativo e divulgativo:*
    - *Publicación da “Guía didáctica para impulsar o respecto ao medioambiente entre a poboación escolar de Vigo”, a “Guía divulgativa para promover o coñecemento e o uso responsable dos espazos naturais de Vigo”, e do “Estudio sobre novos perfís profesionais no sector ambiental”.*
  - *Campañas de información y comunicación:*
    - *Campaña de información, sensibilización e comunicación dirixida á poboación en xeral sobre o valor ambiental dos montes periurbanos de Vigo.*
- *Jornadas, seminarios y congresos:*
  - *Celebración de unha Xornada sobre Emprego e medioambiente na que se darían a coñecer os resultados do “Estudio sobre novos perfís profesionales no sector ambiental”.*
- *Observatorios:*
  - *Creación de un Observatorio “on line” sobre Emprego e Medio Ambiente que recopilaría e analizaría, entre outra, a seguinte información:*
    - *Emprego xenerado polo sector ambiental en Vigo.*
    - *Evolución das expectativas e necesidades dos comuneros (propietarios dos Montes periurbanos de Vigo).*
    - *Estudio de usos dos montes periurbanos de Vigo armonizando as expectativas dos comuneros e da cidadanía.*
- *Cursos de formación:*
  - *Realización de 4 cursos de formación presencial, dirixidos a traballadores/as do sector ambiental, mulleres, maiores de 45 anos e traballadores/as con baixa cualificación. Os cursos tendrán unha duración de entre 200 e 260 horas.*

*Os traballos de dirección, xestión e administración do proxecto conforme se establece na Memoria Técnica, será realizado polo persoal adscrito a concellería e comporase de un director do proxecto (o xefe de servizo), unha técnica de xestión (do servizo de atención cidadá) e unha administrativa (do servizo de desenvolvemento local e emprego).*

*Este proxecto unha vez aceptado e conforme establece nas obriga a sinatura de un convenio marco entre a Fundación Biodiversidad e o Concello de Vigo.*

*Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Aprobar a presentación do proxecto “Vigo medio natural” que se achega no anexo I á Fundación Biodiversidad, dentro do seu programa Empleaverde 2007-2013.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a presentación do proxecto “Vigo medio natural” que se achega no anexo I, obrante no expediente, á Fundación Biodiversidad, dentro do seu programa Empleaverde 2007-2013.

**13(439).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DOCENCIA TIC PARA O SEGUIMENTO DA EDUCACIÓN BÁSICA DENTRO DO PROXECTO VIGO DIXITAL. EXPTE. 1435/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 4.03.08, conformado polo concelleiro da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 49.800 euros para a prestación dos servizos de contratación de un/unha docente TIC para o seguimento da educación básica dentro do proxecto "Vigo Dixital" que se imputarán á partida presupuestaria 4631.2270611 do presuposto do ano 2008 e 2009.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 11-01-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de un/unha docente TIC para o seguimento da educación básica dentro do proxecto "Vigo Dixital".

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**14(440).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA MODIFICACIÓN DA OBRA “AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO”. EXPTE. 605/410-04.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 29.02.08, que di o seguinte:

*Unha vez presentado o Proxecto de execución da totalidade do conxunto arquitectónico e ante as enormes diferenzas presupostarias existentes entre o presuposto estimado de execución previsto nos denominados “Documentos contractuais” que serviron de base para a adxudicación do concurso e o estimado en dito proxecto que alcanza a suma de casi oitenta millóns de euros, o que supón duplicar a inversión estimada, se presenta o día 27 de febreiro de 2009 a presente solicitude da que mais adiante farase o correspondente estudio, xa que entendo que, previamente, ante a complexidade técnica e xurídica que conleva a xestión do expediente, e preciso, por non decir obrigado, coa finalidade de que o Órgano de contratación teña a máxima información posible para a adopción do Acordo, facer as seguintes:*

**PRECISIÓNS**

**1.- Antecedentes**

*Previa tramitación dos correspondentes documentos previos – Estudio de Viabilidade Económica e ou Anteprojecto de construción da obra pública – así como do expediente de contratación, a Xunta de Goberno Local na sesión de 6 de marzo de 2006 adxudicou ou contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación dun Auditorio – Pazo de Congresos con Zonas Complementarias de explotación comercial á proposición presentada polo grupo empresas formada por Testa Inmuebles en Renta, S.A.; Caixanova; Puentes Concesiones, S.L.; Sacyr, S.A.U.; Expacontra, S.A e Puentes y Calzadas Empresas Constructoras, S.A., que constituíron unha sociedade anónima coa denominación de “PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A.”, formalizándose o contrato en documento administrativo o día 2 de maio de 2006.*

*O Proxecto Básico do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo e do sólido capaz da edificación, redactado por “Portela – IDOM UTE” foi aprobado pola Xunta de Goberno Local ou 9 de outubro de 2006, condicionando o da “zona complementaria” a presentación da documentación que esixían os informes técnicos dos diferentes servizos municipais, e requirindo a sociedade concesionaria para que presentase o correspondente proxecto de execución dá cimentación do conxunto da obra co fin de non demorar ou prazo do seu execución.*

Ante os problemas que xenerábanse durante a execución das obras de demolición dos antigos edificios da Casa Mar, que orixinaban un atraso importante no inicio da execución das obras de nova planta e imposibilitaban a correcta execución na aplicación temporal do presuposto do proxecto e, dende logo, nas obrigas orzamentarias asumidas pola Administración como aportacións públicas ao contrato, a Xunta de Goberno Local ou 30 de outubro de 2006 adoptó un acordo de que o proxecto de execución fose presentado en fases, debendo presentar no mes de novembro de 2006 ou correspondente ao proxecto de “Cimentación e de desvío dos servizos”. Dito proxecto foi aprobado ou 27 de novembro de 2006 e posibilitou que coas correspondentes certificacións de provisións e a presentación dos oportunos avales o Concello percibise a totalidade da achega que lle correspondía realizar a Xunta de Galicia, xa que por exixencias do contrato de financiamento as mesmas tan só corresponderían á execución das obras. Dita cantidade ascendeu a suma de sete millóns seicentos decenove mil catrocentos veintidos euros.

## 2.- Proxecto de Execución, salvedade no escrito de presentación

O 12 de abril de 2007, a sociedade concesionaria do contrato de concesión da obra pública do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo, presenta a solicitude de modificación do contrato de concesión da obra pública e de suspensión do prazo de presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico da edificación mentras non resolverse a autorización, en contestación o correo electrónico remitido polo que suscribe o día tres do mesmo mes, no que ante a demora que produciase na redacción do proxecto de execución, orixinada pola aparición no subsolo da parcela de “roca de gran abrasividade”, e ante os anuncios feitos pola mesma nas reiteradas reunións mantidas coa Dirección Facultativa da obra e os Técnicos do Concello, instáballes a que no suposto de que seguisen mantendo que existían causas motivadas e xustificadas que impliquen a tramitación dun expediente de modificación do contrato presentasen co carácter urxente a correspondente documentación na que xustificasen o seu dereito. Solicitude que foi desestimada pola Xunta de Goberno Local do 4 de xuño de 2007 por inexistencia de causas de interese público imprevistas o sobrevenidas e fixouse o día 16 de xullo de 2007 a data da presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico da obra pública do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo, fecha na que dito proxecto tivo entrada no Rexistro da Xerencia M. de Urbanismo deste Concello.

No escrito de presentación D. Javier Zarrabeitia, en calidade de representante legal da sociedade concesionaria no que manifesta que tan xo presentase o Proxecto de execución para cumprir cos prazos establecidos polo Concello, pero que non estan de acordo co presuposto do mesmo e que de ser aprobado estaríase modificando os termos do contrato con un procedemento inadecuado que obrigaría a súa representada a “valerse de los cauces legales que le asisten en orden a hacer frente a las modificaciones de los contratos administrativos”, basándose nos seguintes razoamentos:

- a) Que un dos aspectos singulares do concurso é que foi deseñado excluindo a posibilidade de que os licitadores presentasen nas súas propostas o proxecto técnico necesario para levar a cabo a obra, debendo limitarse a propoñer unha ordeación dos usos previstos para a zona comercial e concibíndose como unha obriga ao titular da oferta seleccionada ó formalizar ou contrato de redacción tanto do Proxecto Básico como o de Execución coa UTE Cesar Portela Fernández Jardón e Idom Ingeniería y Consultoría por ser a gañadora do concurso de ideas convocado no seu día pola CPTOPV da Xunta de Galicia.
- b) Que o Proxecto Básico foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2006 e que dentro do prazo concedido presentase o Proxecto de Execución “únicamente aos efectos de no incumplir os prazos fixados polo concello”, na medida que a UTE Cesar Portela Fernández Jardón e Idom Ingeniería y Consultoría elaboroulo prescindindo de forma notoria das características económicas recollidas na oferta presentada pola concesionaria que, xunto cos demais documentos contractuais e demais termos do PCAP, vinculábanlle.
- c) Que polo non acatamento da UTE as directrices económicas que delimitan a súa marxen de actuación na redacción do proxecto consideran que non pode ser aprobado polo Concello.

Ante o contido do escrito remitiuse polo quen suscribe, as persoas que participaron nas diferentes reunións cos

técnicos do Concello e da UTE proxectista e Directora facultativa da obra pública un correo electrónico, “e-mail”, vía de comunicación acordado pola Xunta de Goberno Local para axilizar os prazos na tramitación dos expedientes administrativos relacionados coa construción do Auditorio – Pazo de Congressos, no que solicitábaselles remitisen o correspondente informe co relación ao incremento presupostario do investimento previsto no Anteprojecto de construción e ou do proxecto de execución, comprendendo as variacións existentes nas medicións e calidades das unidades de obra contidas nos documentos técnicos. Con posterioridade remitiuse outro “e-mail” a D. Javier Zarrabeitia, Director General de “Pazo de Congressos de Vigo,S.A.”, a D. Santiago Pérez, Director Técnico do proxecto pola sociedade concesionaria e a UTE proxectista facendolles saber as seguintes observacións:

“1.- No consta en la documentación remitida que el proyecto fuese aprobado o rechazado por el Consejo de Administración de la sociedad concesionaria o al menos con un informe complementario del Director Técnico de la misma que pudiera dar lugar a que, ante la existencia de discrepancias entre la sociedad y el Proyectista, las mismas sean resueltas por el Órgano de contratación,Cláusula32.2delPCAP.

2.- Se insiste en que la naturaleza jurídica del contrato adjudicado es la de un Contrato de Concesión de Obra Pública con Zonas Complementarias de Explotación Comercial, razón por la que su régimen jurídico es el contemplado en la Ley 13/2003 con el orden de prelación de los documentos contractuales previsto en la Cláusula 2.3 del PCAP.

No obstante, cómo les consta y conocen, los servicios técnicos municipales, siguiendo instrucciones del Ilmo. Sr. Alcalde están procediendo a la revisión del contenido del proyecto y de su presupuesto con la finalidad de aproximar éste último a los precios del Anteprojecto de construción e explotación respetando el contenido de los pliegos( administrativo y técnico) reguladores del concurso.”

Pola súa banda D. Javier Zarrabeitia contesta precisando:

“En primer lugar, la sociedad concesionaria ha presentado el proyecto de ejecución redactado por la entidad que por expresa imposición del Pliego debe asumir su redacción -UTE César Portela Fernández-Jardón e Idom Ingeniería y Consultoría-, dando así cumplimiento a la previsión que respecto de los plazos se establece en la cláusula 6.1 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares. Respecto del proyecto de ejecución presentado, la sociedad concesionaria ha manifestado su disconformidad por las razones expuestas en el escrito, siendo la Administración contratante la que debe resolver sobre la misma.

La alusión que se realiza a la cláusula 32.2 del Pliego no es correcta, ya que la misma se refiere únicamente a las discrepancias que pudieran plantearse entre la concesionaria y el proyectista en relación con la formalización del contrato de redacción de los proyectos, lo que no ha tenido lugar.

En segundo lugar, en ningún momento se ha cuestionado que la naturaleza jurídica del contrato sea el de concesión de obras públicas, lo que no obsta a que la sociedad concesionaria pueda plantear ante la Administración contratante las consideraciones que estime oportunas en relación con el proyecto redactado por la UTE por obligación del Pliego.”

### 3.- Resposta as observacións plantexadas

Evidentemente ou problema existente para a aprobación do proxecto de execución non é outro que o que a sociedade concesionaria considera un “desfase presupuestario” entre o Anteprojecto de construción, a súa proposta e o proxecto básico co presuposto previsto no proxecto de execución presentado, no que en cantidades suporía unha cantidade cercana o dobre do ofertado, e que, ante a “gran diferenza” económica existente e aos diferentes criterios interpretativos entre a concesionaria funcionarios municipais, orixinou que a Alcaldía convocase varias reunións a dúas e tres bandas – Concello, Sociedade Concesionaría e UTE proxectista - para analizar as cuestións suscitadas coa aprobación do proxecto as que posteriormente farase referencia como a única solución viable para a correcta execución do contrato repetando os documentos contractuais sen necesidade da tramitación dun expediente de modificación do contrato.

Respecto as manifestacións contidas no escrito por D. Javier Zarrabeitia conven facer as seguintes aclaracións:

1.- Non é certo que no concurso aberto, exclúxese a posibilidade de que os licitadores presentases nas súas propostas o proxecto técnico necesario para levar a cabo a obra, debendo limitarse a propoñer unha ordeación dos usos previstos para a zona comercial, basta para asegurar tal negación a simple lectura do contido da Clausula 13.1.Sobre B letra (i) del Pliego de Condiciones Administrativas Particulares, que literalmente di:

“i) Proposta de Ordenación dos usos propostos nos volumes destinados a Zona Complementaria, que deberá incluír os seguintes documentos:

- Memoria descriptiva;

- Planos de andares e seccións máis significativas. Distribución dos usos da oferta complementaria e relación co Auditorio-Pazo de Congresos tendo en conta as necesidades de accesibilidade (usuarios e minusválías) e seguridade.

- Presuposto e Programa de execución das obras en conxunto e por tipo de actividade (Auditorio-Pazo de Congresos e Oferta Complementaria), con indicación de data de inicio, fitos que constitúen o camiño crítico e data de remate.”

ou, incluso, o apartado 2 da cláusula 5 del Pliego de Prescripciones Técnicas, que, con maior precisión, expresa:

“Los ofertantes deberán presentar una propuesta clara de ordenación de los mismos, que se reflejará en planos de planta y secciones. En ellos deberán tener en cuenta los siguientes aspectos:

1 - Su adecuada integración con los usos públicos previstos. Los recorridos de acceso desde el exterior al Auditorio – Palacio de Congresos y la imagen conjunta del edificio no se verán alterados ni interferidos por usos inapropiados para un edificio de estas características.

2 -La adaptación de su distribución a los volúmenes previstos, no alterando la distribución planteada en los usos del Auditorio – Palacio de Congresos.

3 - Respeto a una imagen exterior unitaria que responda al carácter singular que el conjunto de la edificación resultante va a tener dentro de la trama urbana de Vigo.

4 - Propuesta de las calidades mínimas de los materiales a utilizar. Deberán tener en cuenta la singularidad del Auditorio – Palacio de Congresos en su propuesta para los espacios comunes e inmediatos al mismo.”.

En consecuencia, a finalidade das Cláusulas non eran outras que posibilitar a redacción do Proxecto Básico, cumprindo as determinacións de dita documentación, no prazo de catro meses, xa que si non sería imposible a elaboración do proxecto do conxunto arquitectónico en dito prazo, de xeito, comprobábase tal afirmación co feito da aprobación parcial do Básico presentado como expúsose anteriormente.

2.- Tampouco e absolutamente certa, nos termos redactados e a intención que despréndese dá mesma, a referencia que fai respecto a obriga dá formalización do contrato de redacción dos proxectos constructivos coa UTE Cesar Portela Fernández Jardón – Idom Ingeniería y Consultoría, xa que a obriga foi asumida pola simple presentación da oferta na fase de licitación do contrato á que acudieron de forma consciente e voluntaria e a xustificación non era outra de que, como recoñecen no seu escrito, foi a gañadora do concurso de ideas convocado no seu día pola Xunta de Galicia e en consecuencia únicos titulares lexítimos para elo, e explicitamente recollido na Clausula 32 do PCAP regulador do concurso ou, incluso, na Manifestación B do contrato de 28 de abril de 2006 outorgado entre a sociedade concesionaria e a Ute proxectista.

3.- En canto ou concernente a que a razón de non asumir o contido do proxecto de execución por haber sido redactado “prescindiendo de forma notoria de las características económicas recogidas en la oferta presentada por la concesionaria que, junto con los demás documentos contractuales y de conformidad con los términos del Pliego de Cláusulas mencionado -PCAP- le vinculaban”, tampouco pode darselle a razón se tense en conta que en ningún documento dos chamados contractuais, e decir dos recollidos no apartado 3 da Cláusula 2 do PCAP expresase ou concrétese ou fíxase un presuposto fixo de inversión, senón sempre menciónase un presuposto estimado de inversión tal e como o sinala expresamente a cláusula 2 del contrato de concesión de 2 de maio de 2006.

No contrato referenciado, na Cláusula 5, recollense os documentos, con súa orde de prelación, aos que o Arquitecto ten que acollerse e, a oferta presentada figura despois dos pregos reguladores, o anteprojecto de construción e os proxectos de demolición e de seguridade e saúde e a forma correcta de interpretar ou sentido



que ten a referencia á oferta é única e exclusivamente á ordenación dos usos complementarios de explotación comercial, nos termos expostos, xa que no resto dos aspectos técnicos da obra, a saber: descripción e xustificación da solución adoptada, as normas técnicas e reglamentarias, á descripción da cuberta, a descripción da fachada y cerramentos exteriores, os acabados interiores do Auditorio – Pazo de Congresos, ou mobiliario, á urbanización exterior, as instalacións do Auditorio, os objetivos acústicos das salas do Auditorio, os equipamento escénicos e audiovisuais, etc..., son as previstas no Prego de Prescripcións Técnicas, como non pode ser de outra maneira, xa que se non cabría preguntarse cal sería a súa finalidade.

Por último, outra das razóns polas que pode afirmarse que o presuposto de inversión definitivo se especificaría no Proxecto de Execución, e quizas a mais relevante, e que as cantidades previstas nas ofertas non foron tidas en conta no PCAP para seren obxecto de proposicións desproporcionadas ou temerarias, xa que non se especificou como suposto de dita presunción na Cláusula 15.3 do PCAP, nin como criterio para a valoración das ofertas na Cláusula 14.

#### 4.- Respecto a posición de arbitro para a solucións de problemas da xunta de goberno local

E incuestionable, non só por actuar na súa calidade de Órgano de Contratación do Concello que ten atribuídas súas atribucións e facultades pola propia LCAP, senón por especificarlo o propio PCAP na Cláusula 32 ao que habería que acudir polo principio de aplicación analóxica das normas, cando non estivera especificamente previsto outro órgano ou ente dirimite, pero, aínda mais, no contrato de 28 de abril de 2006 establécese literalmente en su Cláusula 9.3 “En caso de discrepancia entre el Arquitecto y el Cliente, la decisión de la Administración Concedente será dirimite”.

No mesmo documento establécese o procedemento a seguir no caso da existencia de disconformidades.

#### 5.- Actuación realizadas para á redución do presuposto do proxecto de execución.

Os funcionarios municipais procedieron conxuntamente cos técnicos proxectista ao estudio do proxecto presentado e ao análise dos documentos contractuais establecendo os parámetros técnicos que, tendo en conta os problemas plantexados durante a execución das obras de demolición das edificacións existentes na parcela coa edificación lindante e medianeira destinada a usos comerciais e industriais en plena actividade, as denuncias por vibracións e ruidos procedentes do centro escolar da Náutico Pesquera e os derivados das reposicións dos servizos afectados, poderían admitirse, a traves de axustes no deseño do mobiliario e dos materiais, redución das superficies da zona complementaria e de algún dos usos da mesma, etc, que posibilitou a rebaixa do presuposto da execución a unha cantidade proxima aos 120.000.000 €, da que se diu traslado ao Técnico Director das obras da sociedade concesionaria co fin de que se pronunciasen sobre a mesma e de aceptala encargasen ao Arquitecto a redacción do Proxecto definitivo.

#### 6. - Diferencias entre o anteprojecto, oferta da concesionaria, proxecto básico e proxecto de execución.

##### 1.- Anteprojecto

O presuposto licitado é estimado incluía os seguintes aspectos:

Cimentación e estrutura de toda a edificación.

Cerramentos exteriores de todo o conxunto arquitectónico (Fachadas e cubertas).

Acondicionamento interior (acabados interiores e instalacións) da zona pública.

Equipamento escénico, audiovisual e mobiliario do Auditorio.

Acondicionamento interior (acabados interiores e instalacións) do hotel (7.000 m<sup>2</sup>) e das zonas comúns do centro comercial.

Acondicionamento interior do aparcamento.

O presupuesto estimado non incluía nin o acondicionamento interior da superficie destinada aos locais comerciais previstos nin o acondicionamento interior do hotel das zonas nas que incrementase a superficie inicial prevista.

## 2.- Oferta presentada pola Sociedad Concesionaria:

La Sociedad Concesionaria, na súa proposta introducía varias modificacións que inciden no presuposto, tales como:

- á transformación de parte dos locais comerciais previstos na cuberta na zona de exposicións que implica un incremento do presuposto pola necesidade de acondicionar esta zona,
- á eliminación dunha planta de aparcamento que supondría unha diminución do presuposto aumque xustificou que sí se executaba a terceira planta do sótano aunque non acondicionabase nin tiñase en conta no presuposto

O presuposto incorporado tiña que axustarse ao Anteproxecto e ao Prego de Condicións Técnicas onde recógiase as solucións estruturales e constructivas previstas para o conxunto da edificación nos termos anteriormente expostos e os usos previstos nas zonas complementarias na oferta co nivel de acabado e acondicionamento dos mesmos.

## 3.- Proyecto Básico:

A partires do anteproyecto do concurso e da proposta da Sociedad Concesionaria,, redactouse o Proxecto Básico da edificación, no que a Sociedad Concesionaria introduxo outra modificación, cal é a supresión de parte da superficie de locais comerciais por superficie destinada a hotel e non se aclara si o incremento do presuposto do acondicionamento da nova superficie destinada a hotel, correría a cargo do grupo hoteleiro o da propia Concesionaria, manténdose a cantidade presupostada na súa oferta.

## 4.- Proposta do Proyecto de Execución:

A proposta do Proxecto de Ejecución redáctase a partir do Proxecto Básico, recollendo as observacións postas polos servicios técnicos municipais e algunhas modificacións nos usos das zonas complementarias plantexadas pola Sociedad Concesionaria, tales como a supresión dla zona destinada a ximnasio – spa e o incremento da superficie destinada a hotel e respetando o Prego de Condicións Técnicas regulador do concurso.

A superficie total de proxecto corresponde á prevista nos priegos do concurso.

As modificacións das solucións previstas no prego son puntuais.

No presuposto da Proposta refléxase ó acondicionamento integral do conxunto arquitectónico, incluíndo o hotel e os locais comerciais destinados a restaurantes, cafeterías e ás zonas das exposicións, e supera en máis de oitenta millóns de euros o previsto no Proxecto Básico aprobado duplicando, practicamente o cantidade prevista de “inversión estimada “ nos pregos reguladores do concurso.

## 7.- Aclaración sobre a complexidade técnica, xurídica e financeira do concurso:

O Concello de Vigo, en todo intre, sempre foi consciente da complexidade do contido dos denominados documentos contractuais do concurso convocado, de xeito que no propio PCAP, na Cláusula 9.3, estableceu un prazo para que os licitadores interesados formulasen por escrito calquera cuestión relacionada coa documentación do concurso e que o órgano de contratación respondería a tódalas presentadas mediante acordo vinculante que sería publicado e notificado ós licitadores que hubiesen manifestado o seu interes mediante a remisión do correspondente escrito e ao mesmo tempo establecíase un réximen de visitas á edificación existente. Curiosamente non presentouse ningunha solicitude de aclaración.

## 8.- Últimas actuacións.

Comunicadas á Alcaldía que as diferencias coa sociedade concesionaria manténse, a pesares da redución plantexada no presuposto de inversión, seguindo as instrucións recibidas ó efecto, leváronse a cabo novas reunións nas que se expuso á sociedade concesionaria a posibilidade de que obtiveran vías de financiamento do suplemento da inversión estimada do proxecto a traves da posibilidade legal de facer por parte das Administracións Públicas aportacións na fase de explotación e ao mesmo tempo garantir o mantemento do equilibrio económica financeiro do contrato coa ampliación do prazo previsto da concesión e a autorización municipal á busca de inversores ou patrocinadores nas diversas e múltiples xestións que realizanse na

*programación dos concertos e eventos a desenvolver no Auditorio – Pazo de Congressos.*

*Pola súa banda, a sociedade concesionaria trasladou ó Concello as dificultades existentes para tales propostas toda vez que a inversión prevista seguía excedendo en máis de trinta millóns de euros á inicialmente estimada, sin que ningunha das opcións expostas e analizadas permitira manter o equilibrio económico financeiro da concesión como consecuencia, entre outros aspectos, que a diferenza seguía superando en máis do 30 % a inversión inicial, excedendo incluso do porcentaxe máximo legal que a lexislación permite as administración facer sempre, por suposto por razóns de “interés público debidas a necesidades novas o causas imprevistas” que é de obrigado cumprimento para os contratistas, garantindo o equilibrio económico-financieiro do contrato.*

*Pola devandita razón, continuáronse as conversas no senso de analizar á posibilidade prevista na Ley de que no suposto de que “cuando el interés público lo exija el órgano de contratación podrá acordar a modificación da obra pública”, momento no que nos encontramos e que é a orixe da solicitude que se informa.*

#### *ANÁLISE DO CONTIDO DA SOLICITUDE*

*O 27 de febreiro de 2008 polo Director Xeral da sociedade “Pazo de Congressos de Vigo,S.A.”, adjudicataria do contrato de concesión da obra pública para a construción e explotación do Auditorio – Pazo de Congressos con zonas complementarias de explotación comercial presenta no Concello escrito interesando a correspondiente autorización municipal para a modificación da obra pública adjudicada por razóns de interés público e o reequilibrio económico financeiro do contrato coa adopción das medidas previstas na lexislación vixente ao que incorporan os correspondentes Anexos (IV) nos que detallan a proposta técnica, incluíndo unha Memoria explicativa e os planos de información, a conformidade da UTE proxectista, a viabilidade xurídica da proposta e un avance do posible PEF da explotación da concesión.*

*O contido da documentación a dou integramente por reproducida no presente informe e a ela remítome debido unica e exclusivamente a dificultade do resume do seus contidos sin alterar a súa esencia, non obstante a pesares desta observación extractarei os termos que considere máis suliñables para o seu entendemento:*

*No Anexo I – Proposta Técnica – contén unha Memoria das alteracións da solución adoptada mantendo íntegramente a solución arquitectónica do anteproxecto e do proxecto básico e a funcionalidade pública prevista da denominada zona pública; axústase as plantas de sótano e as alturas do edificio reducíndose entre 10 e 13 metros e adecúase su capacidade as necesidades públicas en detrimento da zona complementaria; a redución da volume do edificio permite un proxecto arquitectónico máis sostible e posibilita unha integración máis respetuosa coas edificacións das ruas superiores da zona; mantense os custos da construción da obra previstos no contrato sin necesidade dunha maior aportación económica da Administración a mesma; reducense os custos de mantemento o que facilita tanto os retornos económicos ao Concello previstos no contrato e no momento da reversión e posterior explotación; evítanse riscos coas edificacións colindantes ao reducir o número de sotos que poderían ocasionar a demora da execución da obra; evítase a ocupación da práctica totalidade do subsolo da rua Jacinto Benavente reducindo o tempo do desvío do tráfico pesado na mesma e su disponibilade ao uso público; os axustes reducen a superficie construída a 47.000 m<sup>2</sup> e a pública a 11.000 ao deseñarse a sala complementaria diáfana con compatibilidades de usos; redúcese a superficie comercial en 11.000 m<sup>2</sup> cunha perda da alquilable de 7.000 m<sup>2</sup>, elimínanse dos sotos destinados a aparcamento fixándose o número de prazas en 325 que cumpren os estándares do planeamento ó reducirse as superficies dos deferentes usos. Acompáñanse planos das diferentes plantas e alzados do edificio.*

*No Anexo II consta a aprobación da proposta plantexada pola UTE proxectista por considerar que a mesma respeta os valores arquitectónicos da proposta gañadora do concurso de ideas; que as reducións non afectan sustancialmente a sala principal, ao gran follor e ás principais características arquitectónicas da proposta e que esteticamente consíguese un monumento análogo ao de proxecto constructivo.*

*O Anexo III contén o Dictame sobre a viabilidade xurídica da proposta firmado conxuntamente por D. Juan Alfonso Santamaría Pastor, Catedrático de Dereito Administrativo e D. Ángel Carrasco Perera, Catedrático de Dereito Civil no que partíndo dos antecedentes remitidos pola sociedade concesionaria, cúa certeza e*

exactitude foron debidamente comprobados, desglósase nos seguintes apartados:

- “El esquema contractual de la concesión de obra pública en el supuesto consultado”, analizando o esquema xeral previsto na Ley e o seguido no contrato obxeto de consulta.
- “Calificación de la situación planteada y alternativas existentes” no que estuda a conduta da sociedade concesionaria e a necesaria modificación do Proxecto Básico.
- “El interés público de la propuesta de modificación del Proyecto Básico del Auditorio y Pazo de Congresos de Vigo”.
- “Viabilidad jurídica de la propuesta de modificación del Proyecto Básico”, xustificándose o mantemento dos elementos esenciais do obxeto do contrato e da proposta seleccionada no concurso.
- “Consecuencias de la modificación del Proyecto Básico en el equilibrio económico de la concesión en su fase de explotación”
- “Conclusiones”, apartado que, pola súa importancia, reproduzo literalmente:

“En definitiva, la propuesta técnica de modificación cualitativa del Proyecto básico aprobado por el Concello de Vigo que se adjunta al presente Dictamen es adecuada a Derecho y viable jurídicamente como propuesta de modificación de la obra y del citado Proyecto básico, en la medida en que, satisfaciendo un interés público evidente y dando respuesta a cuestiones no previstas inicialmente, mantiene los elementos esenciales del objeto contractual y no altera los términos de la oferta realizados por el concesionario, sin perjuicio de que al alterarse los términos de la explotación de la concesión, al disminuir sustancialmente la superficie de la zona complementaria, su aprobación debe conllevar un reequilibrio económico financiero de dicha concesión respecto a los parámetros previstos para dicha fase”

No Anexo IV plantexan unha proposta do nova Plan Económico Financeiro cunha previsión das medidas a adoptar na fase de explotación contemplando a ampliación do prazo da concesión e previndo a medida legal de que as administracións realicen aportacións económicas en dita fase, que debe entenderse a título meramente informativo ou indicativo, xa que o pronunciamento do Concello sobre dito asunto debe realizarse unha vez iniciada a fase de explotación e cun PEF elaborado canto as cantidades invertidas na fase de construción sexan reais e non meramente indicativas, momento no que no suposto da existencia dun desequilibrio e que este non fose imputable a xestión realizada pola concesionaria o Concello ten a obriga de manter o previsto na oferta seleccionada.

#### INFORME DO CONTIDO DA SOLICITUDE

A documentación aportada ten o seu fundamento nos Arts. 250, 240, e concordantes do “RDL 2/2000 de 16 de junio por el que se aprueba el TRLCAP” regulador da posibilidade de que o órgano de contratación, cando o interese público o esixa, pode acordar a modificación da obra pública o que, evidentemente, no caso que nos ocupa, conleva a adaptación ou axuste do proxecto básico da edificación á obra pública modificada e a desenvolver éste co correspondente proxecto executivo ou en termos da administración local proxecto de execución.

O artigo 250 do TRLCAP non esixe os requisitos que os artigos 240, 146 e 101 do mesmo texto legal esixen para as modificacións do contrato ou do proxecto de “necesidades nuevas o causas imprevistas” senón unicamente que o “interés público lo exija”, aclaración que dende o punto de vista xurídico e obrigado resaltar para poder afirmar que non nos atopamos nos supostos específicos e concretos das modificacións contractuais ou dos proxectos constructivos para os que o TRLCAP esixe que sexan por “razón de interés público debidas a necesidades nuevas o causas imprevistas, justificadas debidamente en el expediente” e, en consecuencia non son de aplicación os procedementos previstos no TRLCAP aos que se fixo referencia nas precisións anteriormente expostas.

Así mesmo tampouco atopámonos no suposto de que sexa o Concello quen propon modificación algunha ao concesionario en relación coa obra a executar polo que, de resultar afectado o equilibrio económico financeiro do contrato, en relación coa execución da obra, non lle supón obriga algunha relativa a tal equilibrio, sen prexuício, no seu caso, da obriga que correspondese de manter tal equilibrio na fase de explotación.

Entendo que ésta é a interpretación correcta que debe facerse dos artigos mencionados, máxime si se ten en conta que a nova Ley 30/2007 de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, cuio réxime xurídico non é de

aplicación ao contrato de concesión da obra pública existente por dispoñelo así na Disposición transitoria primeira por haber sido adxudicado o contrato con anterioridade a súa entrada en vigor, e que deroga a Ley anterior, modificou o contido do Art. 250 no novo Art 233 no que ademais de establecer que o interese público o exixa, require que concurran as circunstancias que a Ley exige para a modificación ben do proxecto ou ben do contrato, e dicir, unificou o procedemento a seguir para calesquer suposto de modificación do contrato de concesión de obra pública.

A solicitude ven de abondo fundamentada no informe xurídico anteriormente reseñado no que xustifican, con citas doctrinais e xuriprudenciais, o requisitos que esixe a Lei para autorizar a modificación da obra pública e, no seu caso as correspondentes adaptacións dos proxectos constructivos, nos que destaco, os seguintes argumentos:

a) Na “Teoría civilista de interpretación de los contratos” dos artigos 1273 e 1281 e ss, do Código Civil, dende o senso de “que la indefinición del objeto del contrato en el momento de su perfeccionamiento” al existir contradicións nos documentos contractuais non pode alcanzar unha obriga á concesionaria de aceptar integramente o contido económico dun proxecto elaborado con posterioridade á adxudicación do contrato e de que “la existencia de cláusulas o documentos contractuales contradictorios, confusos o dudosos entre sí” non pode ser interpretada co fin de beneficiar á parte causante delas, o Concello por ser o autor de ditos documentos, senon a favor da maior reciprocidade dos intereses das partes contratantes.

b) Na “Doctrina administrativa del riesgo imprevisible”, xa que baixo ningún concepto pódese estender á asunción da obriga de incrementar o presuposto de inversión da concesionaria en mais dun 20% do presuposto estimado de inversión previsto nos documentos contractuais sen que paralelamente se manteña o equilibrio económico financeiro do contrato coa adopción de medidas encaminadas ao correspondente incremento dinerario das aportacións públicas na fase de execución da obra pública.

c) Na viabilidade xurídica da proposta da modificación ao non introducir no proxecto do conxunto arquitectónico “cambios sustanciales que afecten a la esencia de la obra a construir de tal manera que el objeto contractual propio del concurso mantiene sus elementos esenciales”, razoamento polo que non aténtase contra os principios de publicidade e de concurrencia na licitación, reguladores da contratación pública, e non perxudíca ou menoscábase aos demais licitadores que participaron no concurso

d) No respecto dos elementos básicos esenciais da oferta feita polo adxudicatario do concurso e a inalterabilidade das circunstancias que foron tidas en conta no proceso selectivo e no contrato formalizado ao respetar na súa integridade os criterios de valoración tidos en conta para a oferta seleccionada.

e) Trátase dunha modificación “cualitativa” da obra pública, pois mantense practicamente os presupostos actualizados da proposición elexida e a esencia do contido do Anteproxecto de construción o que evita que as Administracións Públicas teñan que incrementar considerablemente as aportacións económicas ao contrato na fase de execución da obra.

f) O principio de eficiencia e de servizo aos intereses dos cidadáns, que conforme ó artigo 3.2 da Lei 30/1992, debe presidir a actuación dos poderes públicos. Neste senso dos informes aportados e das manifestacións da UTE proxectista dedúcese que a solución proposta, en canto ó servizo ó interese dos cidadáns, cumpre con tódolos elementos tidos en conta no deseño arquitectónico seleccionado para o Auditorio e o Pazo de Congresos e mantén a totalidade da funcionalidade pública requerida para dito edificio, optimizando, sen embargo, a utilización do espazo, o que supón un mellor uso dos recursos dispoñibles e unha maior eficiencia en canto os custos de inversión, axustándose os inicialmente tidos en consideración na elaboración do anteproxecto.

Ante a situación xurídica existente o sometemento aos Tribunales de Xustiza da correcta interpretación do contido dos documentos contractuais e que o transcurso do tempo ata a obtención dunha resolución xudicial firme implicaría a paralización da execución da obra pública ata a adxudicación dun novo concurso público, coas implicacións económicas que implicaría as tendencias inflacionistas actuais do sector, e que según fose o resultado favorable ou desfavorable para o Concello da resolución xudicial podería ocasionar o dereito a indemnizacións.

*Convén ter en conta, cara ao proceso contencioso, a dificultade probatoria para defender tanto as teses da concesionaria como as do Concello pois estas cñense á existencia ou non das dúbidas racionais xeneradas na súa interpretación entre o anteproxecto constructivo o prego das prescricións técnicas e o presuposto estimado de inversión previsto na adxudicación ou da posible “confusión” xenerada ao concesionario pola falta dun documento contractual esencial no expediente de contratación para definir o obxeto do contrato, como é o Proxecto Básico da edificación coa finalidade de fixar o obxeto do contrato tendo en conta o presuposto estimado do mesmo.*

*Entendo que a mellor solución para a construción do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo é que as partes implicadas chegen ao mellor entendemento posible pois dudo moito que, neste caso concreto, a xuridicatura poida prestar unha solución mellor, e ísta ten tan so dous camiños o primeiro incrementar as aportacións públicas ao contrato na fase de construción, o cal é xurídicamente inviable pois atenderíase, no suposto da existencia de credito para elo, contra a maioría dos principios reguladores da contratación pública e o segundo que a Xunta de goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a vista do presente informe considerase que existen ou non razóns de interese público concretizadas na solicitude de autorización presentada.*

*É, a Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello, que ten que decidir, en base aos argumentos expostos no presente informe, si considera que existen razóns de “interese público” para autorizar o solicitado, xa que iste é un concepto xurídico indeterminado que debe de concretarse en cada suposto.*

*No suposto de non apreciar a existencia de ditas razóns*

*Habería que tramitar o correspondiente expediente de resolución do contrato e actuar conforme ó previsto na lexislación de contratos das Administraciónspúblicas para ditos supostos,ben, pola existencia dun erro no consentimento ao presentar a proposición por non ter en conta ou facer unha interpretación incorrecta, que vicia a súa manifestación da vontade, dun dos documentos contractuais para a fixación do seu presuposto estimado, e en consecuencia ter unha das causa civis de anulación dos contratos (Art, 1262 e ss,Cc), pactando os termos da mesma, por canto a lexislación vixente en materia de contratación administrativa admite como causa de anulabilidade as causa previstas na lexislación civil, ou ben por calesquer outra que se considerase aplicable conforme á normativa contractual administrativa e, unha vez resolto, iniciar u novo expediente de contratación, o que implicaría a adaptación do expediente aos termos legais previstos na nova Ley.*

*O acordo a adoptar sería:*

*“Desestimar a solicitude presentada pola sociedade < Pazo de Congresos de Vigo,S.A.> interesando a autorización do Concello para a modificación da obra pública do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo e súas zonas complementarias de explotación comercial por considerar que o interese público municipal non o exige e iniciar o expediente para a resolución do contrato da concesión de obra pública outorgado o 2 de maio de 2006.”*

*No suposto de apreciar a existencia de ditas razóns*

*Toda vez que, a proposta plantexada pola sociedade concesionaria, respecta os valores arquitectónicos, funcionais, estéticos e as principais características do deseño do proxecto ganador do concurso de ideas e do anteproxecto, que coa mesma evítase o establecemento de mecanismos públicos de compensación económica á concesionaria na fase da execución das obras, que incorpora importantes e sinaladas melloras na concepción integral do proxecto conseguíndo un maior tránsito e liberalización de espazos ao público, que mellora a integración do edificio na zona o impacto ambiental e visual e a sostenibilidade ambiental cunha diminución do consumo enerxético, considérase que, no seu conxunto, constitúen causas de interese público municipal que existen a autorización da obra pública interesada.*

*O acordo a adoptar sería:*

*“Autorizar á sociedade concesionaria a modificación da obra pública do conxunto arquitectónico do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo conforme aos criterios recollidos na proposta técnica que adxúntase á solicitude presentada o 27 de febreiro de 2008.*

*Outorgar á sociedade concesionaria un prazo máximo de 2 meses para a presentación do Proxecto básico da modificación da obra pública referida no apartado anterior, no que a capacidade da sala principal sexa como mínimo para 1450 espectadores, co fin de respectar os acordos municipais adoptados na tramitación dos expedientes previos ao de contratación.*

*Considerando que poderan existir causas que xustifiquen a necesidade de manter, no seu día, o equilibrio económico financeiro na fase de explotación da concesión, instar a sociedade concesionaria para que elabore e presente un novo Plan económico financeiro axustado ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Concurso no que se detalle e concrete de forma precisa a modificación da obra pública autorizada nos termos no que considere que dito reequilibrio económico financeiro debe levarse a cabo, para súa aprobación municipal”.*

*Para á adopción do Acordo debe coñecerse a opinión xurídica do Titular da Asesoría Xurídica por ter que emitir informe ao respecto, conforme establece a lexislación vixente..*

O titular da Asesoría Xurídica emite informe con data 10.03.08.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade cos precedentes informes, acorda:

Autorizar á sociedade concesionaria a modificación da obra pública do conxunto arquitectónico do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo conforme aos criterios recollidos na proposta técnica que adxúntase á solicitude presentada o 27 de febreiro de 2008.

Outorgar á sociedade concesionaria un prazo máximo de 2 meses para a presentación do Proxecto básico da modificación da obra pública referida no apartado anterior, no que a capacidade da sala principal sexa como mínimo para 1450 espectadores, co fin de respectar os acordos municipais adoptados na tramitación dos expedientes previos ao de contratación.

Considerando que poderan existir causas que xustifiquen a necesidade de manter, no seu día, o equilibrio económico financeiro na fase de explotación da concesión, instar a sociedade concesionaria para que elabore e presente un novo Plan económico financeiro axustado ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Concurso no que se detalle e concrete de forma precisa a modificación da obra pública autorizada nos termos no que considere que dito reequilibrio económico financeiro debe levarse a cabo, para súa aprobación municipal.

**15(441).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO DO 28.12.07 SOBRE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA ENCARGADA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA AMBIENTAL DO RÍO LAGARES (TRAMO AVDA. DE MADRID-ESTRADA DO AEROPORTO): RECUPERACIÓN DE MARXES, ELIMINACIÓN DE VERQUIDOS E ADECUACIÓN PARA O USO PÚBLICO”. EXPTE. 5336/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 25.03.08, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de decembro de 2007, acordou adxudicar a Ingebaires, S.L. o concurso para a contratación da asistencia técnica encargada da redacción do Proxecto de Mellora Ambiental*

do Río Lagares (tramo Avda. de Madrid-Estrada do Aeroporto): recuperación de marxes, eliminación de verquidos e adecuación para o uso público”, por un importe de 60.000 euros e un prazo de execución de dous meses.

O prego de condicións do concurso establece un prazo de execución do contrato de seis meses, e na documentación económica Ingebaires, S.L propuxo cinco meses, e que foi un dos criterios tidos en conta no informe da oficina de Medio Ambiente.

Debido a un erro involuntario na proposta da Mesa de Contratación de data 28 de decembro de 2007, indicábase o prazo de dous meses para a execución, e por iso formaba parte do contido do acordo de adxudicación da Xunta de Goberno Local.

Por iso, *proponse a rectificación do acordo de data 28 de decembro de 2007, quedando redactado do seguinte xeito:*

*“Adxudicar a Ingebaires, S.L. o concurso para a contratación da asistencia técnica encargada da redacción do Proxecto de Mellora Ambiental do Río Lagares (tramo Avda. de Madrid-Estrada do Aeroporto): recuperación de marxes, eliminación de verquidos e adecuación para o uso público”, por un importe de 60.000 euros e un prazo de execución de cinco meses. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 26 de novembro de 2007 e a oferta presentada.”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(442).- SUBHASTA DE 24 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 2235/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proosta do xefe de negociado de Contratación do 17.03.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 24 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta no expediente), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

#### **17(443).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DEPORTE PARA MAIORES. EXPTE. 28957/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 14.03.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, que di o seguinte:



*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 06 de marzo de 2006 adjudicou a Pablo Casal Nuñez a prestación dos servizos de desenvolvemento do programa de deporte para maiores.*

*A Traballadora Social responsable do servizo de Maiores propón a prorroga do contrato pola satisfactoria avaliación do programa.*

*A cláusula V do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación previa a duración do contrato de dous anos prorrogables por periodos anuais ate un máximo de dous máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*Por iso, previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Prorrogar para o periodo comprendido entre o día 01-04-2008 e 31-03-2009 o contrato de prestación dos servizos de desenvolvemento do programa de deporte para maiores suscrito por acordo da Xunta de Goberno de 06-03-2006 con Pablo Casal Nuñez.*

*O prezo do contrato para dito periodo é de 37.955,50 euros máis a revisión de prezos que corresponda. Dito gasto imputarase á partida 31302260801 do presuposto do ano 2008 e 2009.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

### **18(444).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 5958/332.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 25.02.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:*

*Por parte do servizo de educación remiten o expediente de contratación da xestión da Escola Municipal de Teatro, para que se revise o prezo do mesmo.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 25 de outubro de 2004, acordou adjudicar a Imaxineria, S.L., os lotes 1,2,3, e 4, do concurso para a xestión da Escola Municipal de teatro do Concello de Vigo, por un prezo respectivo de 10.505; 15.812; 10.556 e 11.828 euros, conforme os pregos aprobados para a adjudicación do concurso ( X.L.G. De 12 de xullo de 2004), e a oferta presentada.*

*Na cláusula 4º do contrato administrativo asinado entre as partes, de data 25 de novembro de 2004, establece que o prazo do contrato terá unha duración de dous anos, contado dende o 1 de outubro de 2004.*

*A posibilidade de revisión de prezos do contrato, está recollida na cláusula 3, do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, na que está recollido que procederá a revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión de prezos e a de apertura de proposicións económicas.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2007, adoptou o acordo, de aprobar un novo prezo contractual anual de 51.665,67 euros, resultado de aplicar o prezo contractual o IPC de outubro 2005/2006.*

*A vista do anterior, dedúcese que a revisión de prezos do contrato solicitada polo servizo de educación, refírese a anualidade de 1 de outubro de 2007 a 30 de setembro de 2008, que sería o resultado de aplicarlle ó prezo vixente ( 51.665,67 euros), o IPC de outubro de 2006/2007, que según datos facilitados polo INE foi de 3,6%.*

*O prezo revisado ascenderá a cantidade anual de 53.525,63 euros.*

Polo exposto, *proponse a Xunta de Goberno Local*, previo informe de Intervención *a adopción do seguinte A C O R D O*:

*Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Municipal de Teatro, adxudicada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2004, a IMAXENERIA, S.L., establecendo o mesmo, no periodo comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro de 2008 (prorroga X.G.L. De 23 de xullo de 2007), na cantidade de 53.525,63 euros/ano.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(445).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. a fianza por importe de 2.400 € constituída para responder do “Programa educativo Vigo por Dentro” xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte. 9321/332.

B) Devolver a ACEUVE S.L. a fianza por importe de 2.563,12 € constituída para responder das obras de reforma eléctrica no Estadio de Balaídos xa que foron recibidas mediante acta de 12.02.07 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte. 2208/241.

C) Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. a fianza por importe de 2.027,57 € constituída para responder das “obras de reforzo da estrutura do forxado da Universidade Popular” xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2233/241.

D) Devolver a CANAL UNO DE COMUNICACIÓN S.L. a fianza por importe de 6.000 € constituída para responder do desenvolvemento do programa “O Concello informa” xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 2212/241.

#### **20(446).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN CASARIEGO BARRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1301/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 7.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*Primeiro.- Dona Maria del Carmen Casariego Barro presenta en data 22.2.2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia da caída dun colector de lixo, e que lle foi notificada o 4.2.2008.*

#### *FUNDAMENTOS*

*Primeiro.- Procedo admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións*

*públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a interesada disiente da resolución adoptada por canto o hospital non considerou dar parte á Policía e en ningún momento pediúselle que aportara testemuñas por canto un condutor de autobús acompañouna ó hospital, aínda que non podería localizalo. Considera a documentación que achegou é suficiente para demostrar os feitos.*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto, xa que as simples manifestacións do interesado non se consideran proba suficiente ó respecto.*

*Carto.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Maria del Carmen Casariego Barro contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2007, que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dun accidente ocorrido o 10 de novembro de 2006, e confirmala na súa integridade”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(447).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. NURIA PIÑEIRO COSTAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1369/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 13.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Nuria Piñeiro Costas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 29 de decembro de 2006, no que expón que o día 28 de decembro do mesmo ano rompeu as súas botas por mor dun buraco no pavimento xunto ó paso peonil que hai na saída do centro comercial Praza Elíptica, na rúa Simón Bolívar, reclamando a devolución do seu importe.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do Servizo de vías e obras de data 19 de xaneiro de 2007 sobre o estado do lugar onde ocorreu o incidente.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 18 de setembro de 2006 no que manifestan non teren constanza dos feitos reclamados.*
- Intentouse en data 11 de setembro de 2006 a proba testemuñal proposta, que non se practicou por incomparecencia.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 20.9.2007, que non fai alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente.*

*No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima ou a intervención dun terceiro alleo á Administración, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).*

*De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992)..*

*Do exame do expediente resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o incidente que rompeu as súas botas ocorreu no día, lugar e a consecuencia do buraco, tal e como que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos, e a policía local tampouco os coñece, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.*

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público. indemnizábel pola Administración.

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Nuria Piñeiro Costas por danos debidos a un defecto na rúa Simón Bolívar, o día 28 de decembro de 2006, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(448).- RECLAMACIÓN DE D. ALFREDO CASADO VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1185/243.DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*Don Alfredo Casado Vázquez presenta en data 27 de decembro de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor dunha caída acaecida o 25 de febreiro de 2006 á altura do número 101 da rúa Doutor Carracido de Vigo, e que lle foi notificada o día 4 de decembro de 2007.*

#### *FUNDAMENTOS*

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en: que resultou probado o nexo de causalidade entre o accidente e o mal funcionamento do servizo público municipal, e que o reclamante tras aparcar o seu vehículo tropezou nunha baldosa solta na beirarrúa fracturándose o peroné, e que tanto a Policía local como os informes e a testemuña falan dunha baldosa solta, e que tal vez houbo un erro por parte da policía local ó falar dun oco na beiradrrúa. Asi mesmo que aínda que o parte do accidente fala de que non houbo testemuñas éste o fai unha asesoría ou asesor e difere da valoración do ditame médico que hai no expediente.*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre. Así, en primeiro lugar, non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*Ademais, ningunha destas alegacións desvirtúa a motivación da resolución que se impugna, por canto é evidente que non hai ningún erro nas Dilixencias de servizo da policía local por canto nelas se recollen claramente as manifestacións do interesado e se menciona o dato da falta de baldosa varias veces, xa que o reclamante manifesta que:”lesionouse un pe ó meterse no oco existente na beirarrúa”, “onde non hai baldosa”, e o que é fundamental; o propio reclamante achega fotografía na que se observa claramente o oco na beirarrúa. Contrastando co anterior a propia policía local reseña que: “trasladada unha patrulla ó lugar informan da falta de baldosas do núm. 103, realizándose a correspondente foto (achégase), na que se pode comprobar que non corresponde có punto que manifesta o interesado” e outra patrulla trasladada posteriormente informa que “no suposto lugar dos feitos (101) está colocada a correspondente baldosa de terrazo, se ben aquela atópase solta sen formigonar (foto)”. Resulta tamén que, contrariamente ó afirmado no escrito de recurso o parte de accidente de traballo, no que figura que non houbo testemuña dos feitos, non foi cuberto por ningunha asesoría*

ou asesor senón que nel consta, na súa páxina 4 de 5, que o expide dona Amparo Casado Vázquez na súa calidade de irmá de don Alfredo.

Ademais do anterior, que segue revelando graves contradicións no manifestado no expediente, o Tribunal Supremo ten dito (STS 17.2.1993, 15.3.1999) que é reiterada a doutrina da Sala a que afirma que o carácter obxectivo da responsabilidade da Administración impón que a proba da acontecementos de forza maior ou circunstancias demostrativas de dolo ou negligencia da vítima é suficiente para consideraren roto o nexo de causalidade que corresponde á Administración. E o principio da propia deambulación ven modalizado polo xogo do principio de confianza dos particulares nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de xeito que naqueles supostos nos que se constaten defectos ou obstáculos non apreciabeis co emprego da dilixencia debida, como perigos ou trampas ocultos, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa que enlazara causalmente dito feito co actuar da administración. Por todo o que procede desestimar o recurso interposto confirmando a resolución impugnada.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por don Alfredo Casado Vázquez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por danos físicos a consecuencia dunha caída na rúa Doctor Carracido o día 11 de agosto de 2006, e confirmala na súa integridade”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(449).- RECLAMACIÓN DE D. CARLOS PÉREZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1210/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Don Carlos Pérez Pérez presenta en data 27 de decembro de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor dunha caída acaecida o 4 de setembro de 2006 á altura do número 2 da avenida de Montero Ríos de Vigo, e que lle foi notificada o día 3 de decembro de 2007.

#### **FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Procedo admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en: infracción do art. 11 do Rd 42971993, do 26 de marzo, por canto non se evacuou o preceptivo trámite de audiencia sumiando ó interesado nunha profunda indefensión, así como no principio de responsabilidade obxectiva das administracións públicas e que a Administración non actuou co nivel normal de eficacia que puidera ter evitado a caída.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre. Así, en primeiro lugar, non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, xa que consta no expediente a concesión do trámite de audiencia en data 25 de maio de 2007 ó propio interesado.

Ademais, ningunha destas alegacións desvirtúa a motivación da resolución que se impugna, por canto e con independencia de que a caída tivera lugar efectivamente porque o reclamante caera nun lugar mollado,

*circunstancia que non difiere da que podería ser creada por causa da chuvia, o criterio da responsabilidade obxectiva das administracións públicas non significa que non haia que respectar certos límites: uns impostos legalmente (arts. 139.1 e 141.1 p.1 e 2 da LRXPAC), e outros acotados pola xurisprudencia que son os da culpa da vítima e o feito da intervención dun terceiro (STS 27.2.2002). Deste xeito, o Tribunal Supremo ten dito (STS 17.2.1993, 15.3.1999) que é reiterada a doutrina da Sala a que afirma que o carácter obxectivo da responsabilidade da Administración impón que a proba da acontecementos de forza maior ou circunstancias demostrativas de dolo ou negligencia da vítima é suficiente para consideraren roto o nexo de causalidade que corresponde á Administración. E o principio da propia deambulación ven modalizado polo xogo do principio de confianza dos particulares nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de xeito que naqueles supostos nos que se constaten defectos ou obstáculos non apreciabeis co emprego da dilixencia debida, como perigos ou trampas ocultos, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa que enlazara causalmente dito feito co actuar da administración. E neste expediente hai un dato certo que está suficientemente probado, que é a ostensibel manifestación ó exterior do estado do lugar, así como o seu coñecemento polo interesado, quen segundo a testemuña proposta puido evitar o lugar mollado aínda que dando unha volta.*

*Por todo o que procede desestimar o recurso interposto conirmando a resolución impugnada.*

*Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Gogerno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por don Carlos Pérez Pérez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por danos físicos a consecuencia dunha caída na rúa Montero Ríos o día 4 de setembro de 2006, e confirmala na súa integridade”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(450).- RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE GUEVARA ACUÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1348/243.DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Don Enrique Guevara Acuña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 15 de decembro de 2006, no que expón que o día 23 de novembro de 2006, o vehículo da súa propiedade, con matrícula 4836-CZG, sufriu unha serie de danos materiais por mor dunha inundación que tivo lugar no túnel existente na rúa Cañiza.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do Servizo da policía local de data 23.11.2006, que acudiu ó lugar tras sucederen os feitos polos que se reclama.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia,-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas de data 21.2.2007.*
- *Informe do Servizo de parque móbil sobre os prezos contidos no orzamento achegado polo reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, que fai alegacións en data 3.2.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 25.6.2007 que non formula alegacións, aínda*

que posteriormente achega documentación solicitada.

Fundamentos de dereito:

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Terceiro.- No expediente hai parte da Policía local de Vigo que confirma os feitos alegados polo solicitante: esto é que o día 23 de novembro de 2006 o seu vehículo resultou anegado no túnel existente na rúa cañiza por mor dunha inundación orixinada pola chuvia caída e a incapacidade dos colectores de auga de recollela, observando como unha tapa de rexistro de sumidoiro se atopaba fora do seu lugar po este motivo.*

*O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, caso de resultar acreditado, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.l e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución*



deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

No procedemento de responsabilidade patrimonial é doutrina legal recollida pola xurisprudencia que o principio que domina a súa regulación consagrado no art. 40 LXPAC e art. 106 da Constitución, é o de procurar ó perxudicado a reparación integral do dano causado, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro (STS 12.7.1955 e 15.10.1990, entre outras), dado que o principio de indemnidad integral ten que operar sempre en aras de evitar un enriquecemento inxusto, restituíndo o patrimonio do particular no que resultou perxudicado.

Neste procedemento resulta acreditado que o reclamante foi reparado dos gastos que supuso a reparación do seu vehículo por mor dos feitos reseñados, e polo tanto do dano causado, polo Consorcio de Compensación de Seguros, polo que consonte co anterior procede desestimar a súa solicitude ó non resultar acreditado un perxuízo patrimonial.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Enrique Guevara Acuña por mor dunha inundación no seu vehículo no túnel da rúa Cañiza o día 23 de novembro de 2006”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(451).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ELISA COLLAZO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1350/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Elisa Collazo Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 18 de decembro de 2006, no que expón que o día 19 de decembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Camelias, á altura do núm. 72 sufriu unha caída por mor dunha tapa de rexistro que se atopaba fora do seu lugar, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 19.12.2005 no que os axentes actúantes manifiestan que requiridos ó efecto, persoáronse no lugar dos feitos onde a reclamante manifestoulles o que acontecera, comprobando que a tapa do rexistro de auga atopábase fora do seu lugar de ubicación, e identificando a unha testemuña dos feitos.*

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 18.1.2007 e 5.10.2007 , sobre o estado do lugar do accidente.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 2.5.2007..*
- *Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.975,65 euros.*
- *Práctica de proba testemuñal en data 6.9.2007 á persoa proposta pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 7.12.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria U.T.E Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 6.11.2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o abastecemento de auga e saneamento públicos, que é prestado pola U.T.E. Aqualia-FCC, S.A., empresa concesionaria de dito servizo, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel. O artigo 123 da mesma lei di que: “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a*

concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Respecto ós danos corporais polos que se reclama, estes se avalían no dítame médico solicitado ó efecto, e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 mencionada, serve de motivación a esta resolución, en 1.975,65 euros sen se aprecien secuelas, por canto como nel se di non se aporta documentación nin informes médicos de complicacións que xustifiquen a secuela que se alega case un ano despois.

Quinto.-No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexos de causalidade ten que se reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

No presente caso, do parte do servizo da Policía local resulta acreditado que no lugar da caída unha tapa de rexistro de augas atopábase fora do seu lugar, pertencente e Aqualia a quen da aviso con posterioridade. A testemuña dos feitos, que non coñecía á reclamante, indica que a tapa de rexistro que móvese constantemente, non era un defecto visíbel senón que soamente daste conta cando a pisas. Éngadese o anterior a circunstancia, que a mesma testemuña indica, de que constantemente tropeza xente nela e que á data da proba testemuñal manifesta que segue estando mal estado.

Á vista do anterior, acreditado que o defecto na beirarrúa que provocou a caída e conseguintes lesións na reclamante non era visíbel procede estimar a petición de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público municipal, resultando responsable a empresa concesionaria, de conformidade co fundamentado.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Elisa Collado

*Fernández por mor dunha caída ocorrida o 19 de decembro de 2005 na rúa Camelias de Vigo.*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 1.975,65 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(452).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANA BEATRIZ CALVO VALIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1354/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Ana Beatriz Calvo Valiente presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 13 de decembro de 2006, no que expón que o día 23 de agosto de 2005, mentres camiñaba pola avenida Castelao ó ir a cruzar cara á rúa Florida, sufriu unha caída por mor do mal estado das lousas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico, polos que estivo de baixa laboral dende o día seguinte ata o 13 de decembro de 2005.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo da Policía Local, de data 24/25.8.2005 no que os axentes actuantes indican que requiridos ó efecto pola nai da reclamante, ésta lles manifesta que o día anterior a súa filla tivo un accidente no lugar por mor do mal estado da vía, solicitándolles que elaboren informe sobre o seu estado, ante o que fan constar que observan que faltan dúas lousas do chan e que as que se atopan xunto o oco atópanse levantadas de xeito desigual arredor da árbore xusto ó lado do paso peonil, representando perigo e vallando a continuación o lugar .*
- b) Informe do Servizo de vías e obras, no que se di que xirada inspección o lugar á data 9.2.2007 non falta ningunha lousa, pero as existentes están a distinto nivel, debido ás raíces da árbore alí existente, o que se aprecia correctamente a unha distancia normal.*
- c) Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello.*
- d) Práctica de proba testifical, en data 11.6.2007, á testemuña propostas pola reclamante.*
- e) Informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 22.8.2007 que di que en relación coa reclamación de danos presentada deberá responder a empresa concesionaria Cespa, S.A., de acordo co punto XII do prego de condicións administrativas de conservación e reposición de zonas verdes.*
- f) Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que fai alegacións en data 10.9.2007.*
- g) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non fai alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos*

públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

*Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, de conformidade coa documentación médica achegada resulta acreditado que a solicitante recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias xeral o día 23.8.2005 causando alta domiciliaria na mesma data, e así mesmo recibiu asistencia médica no Servizo de gardas traumatoloxía xeral o día 24.8.2005 por presentar, a consecuencia dunha caída, fractura cúpula radial do cóbado dereito, da que pasou a hospitalización. Esa fractura valórase no ditame médico solicitado ó efecto en 4.512,58 euros, ó calcular, á falta de documentación en adverso, 112 días de baixa laboral, dos que 7 serían de hospital e 23 de incapacidade impeditiva. Non cabe apreciar secuela ningunha, como a mesma solicitante di, por canto non constan en ningún informe médico ó efecto.*

*Por estas lesións a reclamante manifesta, e así o certifica o Sergas, estivo de baixa laboral dende o 24.8.2005 ata ó 12.12.2005 polo que, caso de acreditarse o preciso nexo causal entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, e que dona Ana Beatriz Calvo Valiente a consecuencia do accidente percibira prestacións por incapacidade, de acordo coas últimas sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo núm 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007 de 7 de maio), que aplica o criterio sinalado polo Tribunal Supremo na súa sentenza de data 30.1.2006, sería preciso ter en conta as cantidades percibidas nese concepto, co obxecto de minorar a indemnización a que tería dereito, posto que en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto.*

*Terceiro.- Segundo o informe do Servizo do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e consonte co disposto no art. 89.5 da lei 30/1992, do 26 de novembro, dos danos reclamados respondería Cespa, S.A. de acordo co punto XII do prego de condicións administrativas da concesión. A Xunta de Goberno local acordou adxudicar a Cespa S.A., na súa sesión de 29 de marzo de 2005, o concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación, formalizándose o contrato o 6 de xuño de 2005 en documento onde Cespa S.A. compromete á prestación do servizo con estrita suxeición ós pregos de condicións aprobados.*

*O prego de bases técnicas do contrato na súa cláusula 4.2.2 establece que o adxudicatario queda obrigado á reparación ou substitución e mantemento de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia, ben sexa polo seu propio uso ou como consecuencia de actos vandálicos sufran un grao de deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición, considéranse a estes efectos como elementos non vexetais entre outros as varandas, baldosas, valados, etc...*

*Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel. O artigo 123 da mesma lei di que: “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o*

*particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Cuarto.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).*

*De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Por outra banda, tanto o Consello Consultivo de Galicia como a xurisprudencia do Tribunal Supremo acollen o principio de que a carga da proba dos danos e a súa relación causal co funcionamento dun servizo público correspóndenlle á parte actora (entre outras, sentenzas do 04/11/1997 e 30/11/1999).*

*Quinto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

*Indicar, en primeiro lugar, que hai dúas asistencias en Urxencias: unha no Servizo Xeral de Urxencias o día 23.8.2005 no que a reclamante sitúa a súa caída, permanecendo nel 1:17 mn, e causando alta domiciliaria, descoñecendo a causa da que foi atendida por canto non consta no certificado ó efecto, e outra no Servizo de urxencias traumatoloxía o día seguinte, 24.8.2005, no que ingresa ás 18:23 h pasando a hospitalización por fractura de cóbado.*

*Por outra banda, merece ser destacado que a reclamación de responsabilidade patrimonial preséntase ó ano da alta médica da reclamante, o que incide ós efectos de comprobar o estado do lugar onde di que ocorreu o accidente. Non obstante a Policía local que acude ó lugar o día 24.8.2005 a requirimento da súa nai, e ós efectos de elaborar un informe sobre o estado no que se atopaba a beirarrúa, observa que nel faltaban dúas losetas do chan e que as que se atopaban xunto ó oco atopábanse levantadas de xeito desigual. Xirada inspección ó lugar polo Departamento de vías e obras un ano despois, se observa que non falta ningunha lousa, do que se pode deducir que foron repostas, aínda que as lousas existentes atopábanse a diferente nivel, e polo tanto tal e como estaban o día dos feitos. Desta circunstancia infórmase que se aprecia correctamente a unha distancia normal, polo que se o día dos feitos á maiores faltaban dúas lousas tíñase que apreciar todavía mellor. E non desmerece o anterior a declaración testemuñal, por canto dita persoa, que acompañaba a reclamante, tiña unha relación persoal con ela e as súas declaracións de que os defectos non eran visíbeis contradícense abertamente coas da Policía Local, atopándose presente a nai da reclamante e facendo o informe a súa instancia, polo que procede dar prioridade a estas últimas dada a presunción de imparcialidade e independencia que se lles supón.*

*Sexto.- Consonte co anterior, e con independencia de que non está probado debidamente o día no que tivo lugar a lesión, dados os dous partes de asistencia no Servizo de urxencias en datas diferentes, resulta que o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito, e non se coñece polo que procede non estimar a reclamación de responsabilidade efectuada, da que sería responsábel Cespa S.A., pola falta da acreditación do necesario nexos causal entre a caída e a lesión en aplicación da doutrina citada.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Ana Beatriz Calvo Valiente, por mor dos danos físicos sufridos a consecuencia dunha caída na avda. Castelao o día 23 de agosto de 2005, pola falta da acreditación do necesario nexa causal entre a caída e a lesión ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **27(453).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA RITA RODRÍGUEZ CHAMOCHÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1481/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 20.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. María Rita Rodríguez Chamochín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de marzo de 2007, polos danos e perdas sufridos por mor dunha caída acaecida o día 22 de febreiro do mesmo ano na rúa Churruca a consecuencia do mal estado da vía que se atopaba en obras.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informes da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, de datas 29 de marzo de 2006, 25 de maio de 2006 e 16 de novembro de 2007.*
- b) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 28 de febreiro de 2008.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Vicente, que queda acreditado coa presentación de diversos informes médicos.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Segundo informa a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, en data 25/05/2007, as obras orixe do presunto accidente teñan sido realizadas pola empresa SERCOYSA que na data do accidente estaba levando a cabo traballos de humanización da rúa Churruca contratados pola Deputación Provincial. Ó ser as obras orixe do accidente realizadas por un terceiro contratado por outra Administración, o Excmo. Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no presente procedemento e non é posible vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal, polo que fallan un dos presupostos esenciais para que entre en xogo o mecanismo da responsabilidade patrimonial. Neste senso, segundo reiterada xurisprudencia “entre a actuación administrativa y el daño tiene que haber una relación de causalidad, una conexión de causa y efecto, ya que la Administración sólo responde de los daños verdaderamente causados por su propia actividad o por sus propios servicios, no de los daños imputables a conductas o hechos ajenos a la organización o a la actividad administrativa, pues la responsabilidad de la Administración no puede ser tan amplia que alcance a los daños derivados de actos puramente personales de otros sujetos de derecho que no guardan relación alguna con el servicio” (STS da Sala do Contencioso-administrativo de 24 de abril de 2003).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. María Rita Rodríguez Chamochín, en data 5 de marzo de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó ser realizadas as obras por un terceiro alleo a este Concello e para outra Administración, a Deputación Provincial de Pontevedra, polo que non existe relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal.

2º.- Dar traslado da presente reclamación a Deputación Provincial de Pontevedra ós efectos da súa tramitación se resultase procedente”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(454).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA LUZ FIGUEROA FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1338/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 14.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

Dna. María Luz Figueroa Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 5 de decembro de 2006, no que expón que o día 9 de outubro de 2006, a consecuencia do mal estado das lousas na beirarrúa ó carón da súa vivenda, na rúa



Venezuela núm. 37 tropezou nelas provocándolle a rotura do seu pulso dereito e contusións varias.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, en data 19.12.2006, sobre o estado da vía onde a solicitante indica ter ocorrido o accidente.
- b) Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 0 euros.
- c) Práctica de proba testifical, en data 24.7.2007, á unha das testemuñas propostas pola reclamante, que é filla súa.
- d) Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións.

#### Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. Respecto ó dano a xurisprudencia esixe de xeito reiterado que o dano sexa certo, isto é, que sexa real e efectivo, e ademais tense que acreditar a súa existencia (STS 15.7.2002), polo que procede denegar a responsabilidade patrimonial se non se probou o dano (STS 26.2.2002).

E así, do exáme do expediente resultan os seguintes datos:

- *A reclamante di que o é por unha caída que tivo lugar o 9 de setembro, a consecuencia da que rompeu o seu pulso dereito, achegando a estes efectos asistencia médica no Servizo de urxencias do Hospital do Meixoeiro desa data (9 de outubro) na que claramente se di que acude por un traumatismo no pulso dereito ocorrido o venres pasado (esto é o día 6 de outubro), colocándoselle unha férula palmar e remitíndolla para o traumatólogo, que a atende o día 13 de outubro e lle coloca un xeso.*
- *Posteriormente achega informe de asistencia médica no Servizo de urxencias médicas na Clínica Fátima o día 6 de ou outubro onde se lle diagnostica unha fractura da apófise radial do seu pulso esquerdo.*

*Obsérvase claramente que hai importantes contradicións tanto nas lesións como na data na que ocorriron, que foron postas de manifesto no ditame médico emitido o 4 de abril de 2007, e que á vista delas non poido avalaliar os danos, e ante o que, se ben a reclamante puido alegar o que estimara procedente en trámite de audiencia, non fixo alegacións nin aclaración ningunha.*

*Tampouco a proba testemuñal feita á filla da reclamante aclarou nada, por canto non rectificou a data do accidente (9 de outubro), e á hora de falar das lesións acaecidas, se ben posteriormente fala de que a súa nai se lle colocou un xeso aínda que non di onde, refírese primeiro a que torceu un pé, e despois a lesións no cúbito, no radio, nun brazo e por un lateral, polo peito, a consecuencia da caída, pero non se refire a dano ningún nun pulso.*

*Carto.- Respecto ós defectos existentes na beirarrúa, diante da súa vivenda, o informe do Servizo de vías e obras que hai no expediente di que os defectos na beirarrúa ocupan unha superficie duns 9 metros cuadrados aproximadamente, sendo bastante visibéis, ós efectos do que se achegan fotografías nas que se observan claramente, aspecto corroborado pola testemuña proposta que di que xa se ven sobre dous ou tres metros dende o portal da vivenda na que reside a reclamante.*

*Engadidamente, e conforme coa doutrina sentada polo Consello consultivo de Galicia en ditame 291/2006, para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta e é que a reclamante reside “a carón” do defecto estrutural da vía, concretamente a caída prodúcese diante da súa casa. Tiña polo tanto que ser coñecedora do mal estado da beirarrúa. Polo que consonte coa doutrina indicada e resultando tales defectos visibéis e non ocultos pódese dicir que houbo unha falla de dilixencia no control na propia deambulacón da reclamante, o que propiciou a súa caída.*

*Quinto.- De acordo coa mencionada doutrina todas estas circunstancias fan que, ademais das contradicións citadas, crebe a relación de causalidade que necesariamente debe mediar entre o dano e un servizo público, ó non quedar acreditado que aquel proveña deste, polo que tense que desestimar esta solicitude.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dona Maria Luz Figueroa Fernández por unha caída na rúa Venezuela de Vigo núm. 37 ocorrido o día 9 de outubro de 2006, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre os feitos relatados e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(455).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA LUISA SOUTO MÉNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1388/243 ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 13.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Maria Luisa Souto Méndez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 21 de decembro de 2006, camiñando pola praza de Isabel la Católica tivo unha caída por mor do mal estado da*

*beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local de data 21.12.2006, que acudiú ó lugar requirida ó efecto, tras ter lugar os feitos polos que se reclama.*
- b) Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 9.2.2007 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que nesa data está correcto tras proceder por persoal da Unidade á reparación da beirarrúa en data 12 de xaneiro do mesmo ano.*
- c) Práctica de proba testemuñal con data 29.3.2007 ,ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- d) Ditame médico de valoración do dano corporal de data 24.8.2007.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 12.9.2007, que non fai alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).*

*De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- *O día 21 de decembro de 2006 o reclamante caeu na praza de Isabel la Católica, a consecuencia do que sufriu contusións múltiples das que foi atendida no Servizo de urxencias do Sergas, lesións que a Asesoría médica do Concello, no seu ditame, valora en 1.452,70 euros.*
- *No lugar onde ocorreu o accidente, a Policía local fixo constar que había seis lousas da beirarrúa deterioradas a consecuencia das que se produxo a caída, facendo constar que a situación de deterioro era importante, ofrecendo perigo para os viandantes, reparándose posteriormente polo Servizo de vías e obras en data 12 de xaneiro de 2007.*
- *De conformidade coa proba practicada, cando aconteceron os feitos anoitecía e se ben unha das testemuñas afirma que veíase ben, outra dí que a visibilidade era mala. De ambas testemuñas dedúcese que os defectos non eran facilmente perceptibles.*

*Consta no expediente que a reclamante é unha persona maior, e polo tanto á que lle supón unha maior dificultade na súa deambulación, circunstancia que polo tanto procede ter en conta, o que xunto co anterior acreditado no expediente leva a informar favorablemente o expediente.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, indemnizando á reclamante coa cantidade de 1.452,70 euros, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público municipal.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Maria Luisa Souto Méndez por unha caída ocorrida o día 21 de decembro de 2006 na praza Isabel la Católica de Vigo, por resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, e indemnizala na contía de 1.452,70 euros”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(456).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE UTE CONTENUR-OTTO CONTRA CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS PRESENTADA POR D. JOSÉ PÉREZ FIGUEROA. EXPTE. 1402/243 DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 14.03.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.-A U.T.E. Contenur-Otto presenta o 11.10.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que, estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Pérez Figueroa a consecuencia de danos no seu vehículo por mor do impacto dun colector de lixo movido polo vento, lle declarou responsable deses danos cunha obriga de indemnización deles na contía de 248,10 euros, e que lle foi notificada en data 8.10.2007.*

*Segundo.- Do recurso de reposición interposto deúselle traslado a don José Pérez Figueroa, que non fixo alegacións.*

#### FUNDAMENTOS

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.-O recurso fundaméntase sintéticamente en que non son certos os feitos consignados por canto non hai suficiente proba deles, imposibilidade física de que o colector se movera, e que a obriga da empresa límitase a reparar e repoñer os colectores non sendo ela a que os manipula diariamente.*

*Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto en primeiro lugar non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*Ademais do anterior, o certo é que a Policía local observou tanto os colectores desprazados no medio da calzada como os danos no vehículo, nun día de forte vento, sen que resulte acreditada causa de forza maior. En atención ó anterior resulta polo tanto acreditado que os colectores carecían de medios de suxección adecuados que impedisen dito desprazamento, polo que procede confirmar a resolución impugnada.*

*Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E. Contenur-Otto contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data de 24 de setembro de 2007 que estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Pérez Figueroa lle declarou responsable dos danos padecidos no seu vehículo a consecuencia dun colector de lixo desprazado tendo que indemnizarlle na contía de 248,10 euros, e confirmala na súa integridade”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **31(457).- SOLICITUDE DE D. CARLOS ANGEL BOQUETE GONZÁLEZ DE XUROS LEGAIS DA INDEMNIZACIÓN DE DANOS RECOÑECIDA NO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 17.11.05. EXPTE.938/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 27.02.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Don Carlos Ángel Boquete González presenta escrito en data 3 de febreiro de 2006 solicitando a liquidación de xuros da indemnización de danos de 87,15 euros recoñecida na resolución da Xunta de Goberno Local de data 17 de novembro de 2005, recaída no expediente de responsabilidade patrimonial núm. 222/243, tal e como solicitou no escrito de solicitude.*

*O art. 141.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que nos expedientes de responsabilidade patrimonial a indemnización calcularase con referencia ó día na que a lesión efectivamente se produxo, sen prexuízo da súa actualización á data na que se poña fin ó procedemento de responsabilidade de acordo co índice de prezos ó consumo, fixado polo Instituto nacional de Estadística, e dos xuros que procedan por demora no pagamento da indemnización fixada, os que esixiranse de acordo ó establecido na Lei xeral presupuestaria. Procede polo tanto acceder á solicitude presentada.*

*Hai no expediente informe da técnica de Administración especial da Unidade De patrimonio que establece que a cantidade resultante por intereses de demora é de 13,91 euros.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*Estimar a solicitude de don Carlos Ángel Boquete González de xuros legais pola indemnización recoñecida no expediente de responsabilidade patrimonial núm. 222/243 e aboarlle 13,91 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **32(458).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 5555/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 26.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o procedemento negociado do subministro de combustible para o Parque Móbil. (Expte. 5555/445) por non se ter presentado ofertas a dito procedemento.

#### **33(459).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2163/214.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 26.03.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Desguaces Mingos S.L. os seguintes vehículos e materiais para chatarra:

- Os 53 vehículos realacionados no Expte 2163-241 por un importe de 4.000 euros.
- Os 64 vehículos realacionados no Expte 2172-241 por un importe de 5.500 euros.
- Os 12 vehículos depositados no Parque central de se servizos por un importe de 8.200 euros.
- A chatarra de ferro depositada no Parque central de se servizos por un importe de 190 euros/tm.
- Os cables de cobre aillado depositados no Parque central de se servizos por un importe de 1500 euros/tm.
- Os cables de aluminio depositados no Parque central de se servizos por un importe de 600 euros/tm.

#### **34(460).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE.33645/212.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

#### **35(461).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA SITA NA RÚA REAL Nº 11. EXPTE. 267/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 3.03.08, da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado polo concelleiro delegado de Custos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmoebel localizado en R./ REAL 11, a Angeles Guerra Lalín con NIF. 76798099H das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase – Anualidade 2009).

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 1 A	76798099H	91.937,96	19.000,00	19.000,00	9.500,00	9.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 1 B	76798099H	57.255,57	19.000,00	19.000,00	9.500,00	9.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 2 A	76798099H	119.841,82	19.000,00	19.000,00	9.500,00	9.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 2 B	76798099H	57.847,87	19.000,00	19.000,00	9.500,00	9.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 3 A	76798099H	133.596,32	19.000,00	19.000,00	9.500,00	9.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 3 B	76798099H	64.297,34	19.000,00	19.000,00	9.500,00	9.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 0 A	76798099H	76.340,76	7.000,00	7.000,00	3.500,00	3.500,00
Angeles Guerra Lalín	R./ REAL 11, 0 B	76798099H	56.992,32	7.000,00	7.000,00	3.500,00	3.500,00
TOTAL			658.109,96	128.000	128.000	64.000	64.000

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Angeles Guerra Lalína as axudas propostas no cadro que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo das devanditas axudas á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

**36(462).- PECHER DA PARCELA MUNICIPAL DONDE SE UBICA O TANQUE DE TORMENTA D36-2 DE REDE PLUVIAIS MUNICIPAL NA PORTE DA RÚA GANDARÓN-VIGO. APROBACIÓN DE MEMORIA E ADXUDICACIÓN DE OBRAS. EXPTE. 55019/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 6.03.08, conformado polo xefe de Área de Servizos Xerais e pola concelleira delegada de dita área, que di o seguinte:

*Actualmente el tanque de tormenta D36-2 da rede de recollida de aguas pluviais que verte o río lagares na ponte da rúa Gandarón está ubicado nunha parcelade propiedade municipal que está aberta*

*Dado este tipo de instalacións están dotadas dun conxunto de tranpillas e bocas de home que permitan acceder o interior das mesmas e que a parcela de propiedade municipal donde se ubica este tanque atópase nun entorno de industrias e non conta cunha restricción física que impida a entrada de vehículos a dita parcela, ésta estase a usar indebidamente como aparcadoiro de vehículos que dañan as instalacións de superficie e impiden a correcta execución das labores de mantemento da mesma, entrañando polo tanto un risco para o bó funcionamento desta instalación .*

*Para evitar os actuais problemas estímase conveniente pechar dita parcela cunha superficie de 632,00 m2 e un perímetro de peche de 100,55 m. solicitoúselles a Aqualia, como empres adxudicatarias do mantemento destas redes de pluviais e saneamento a redacción dunha Memoria Valorada para a execución das obras necesarias para proceder o peche da parcela.*

*Con ánimo de resolver esta situación a Concellería Delegada solicitóulle a Aqualia , empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento, o estudio do peche de dita parcela*

*Con data 5 de marzo de 2008 Aqualia presenta no Concello dita Memoria valorada redactada pola empresa consultora LESERING, S.-L. na que se indica que o presuposto de execución por contrata das obras ascende a un importe de novemil novecentos cuarenta e dous euros con oitenta e catro céntimos ( 9.942,84 € ) sen IVE*

*No presuposto vixente deste exercicio 2008 non se contempla partida presupostaria para executar estas obras, pero na conta de ingresos de acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais que xestiona a empresa concesionaria do servizo Aqualia sí existe actualmente crédito suficiente para dar cobertura a esta obra .*

*Polo anteriormente exposto este servizo de Vías e Obras proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :*

**PROPOSTA:**

*1º.- Aprobar a Memoria Valorada redactado por LESERING, S.L.asinada polo enxeñeiro Juan carlos Ortíz López para executa-las obras de “ Peche da parcela municipal donde se ubica o tanque de tormenta D36-2 na ponte da rúa Gandarón – Vigo ”, cun presuposto de execución de 9.942,84 € .*

*2º.- Adjudicar a execución de ditas obras á Aqualia, - empresa consesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento- por un importe de 9.942,84 € ( sen IVE ) e con cargo ó saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais ” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**37(463).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS URBANÍSTICAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 54682/250.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**38(464).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “URBANIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ILLADAS DENTRO DO PERI IV-01 SAN ROQUE A, NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 4781/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 13.02.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar técnicamente o proxecto de “Urbanización de actuacións Illadas dentro do PERI IV-01 San Roque A, no Concello de Vigo”, cun orzamento total base de licitación por fases de:

- Fase 1: Catrocentros trinta e seis mil novecentos cincuenta e tres uros con oitenta e nove céntimos (436.953,89 €).
- Fase 2: Cincuenta e tres mil trescentos sesenta e nove euros con corenta e nove céntimos (53.369,49 €).
- Fase 3: Cento corenta e catro mil setecentos noventa e seis euros con conce céntimos (144.796,11 €).



- Fase 4: Corenta e nove mil catrocentos noventa euros con vinte e cinco céntimos (49.490,25 €).
- Fase 5: Cento vinte e nove mil trescentos corenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (129.343,87 €).

**39(465).- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS “MELLORA DE SEGURIDADE VIAL DA PO-552 AVDA. DE FLORIDA” E “MELLORA DE SEGURIDADE VIAL DA PO-330 AVDA. CASTRELOS”. EXPTE. 55153/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, do 24.03.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Antecedentes*

*Os proxectos “Mellora da seguridade vial da PO-552 Avda. de Florida (PO/07/013.06)” e “Mellora da seguridade vial da PO-330 Avda. de Castrelos (PO/07/012.06)”, foron redactados e enviados á CPTOPV en abril de 2007, que os remitiu novamente a fin de realizar as modificacións indicadas pola oficina de supervisión de proxectos. Os proxectos coas modificacións solicitadas foron aprobados técnicamente pola Xunta de Goberno local en sesión de data 10 de decembro de 2007, con orzamentos base de licitación de 6.690.479,93 € e 5.013.641,68 €. respectivamente, totalizando ámbolos dous proxectos a cantidade de 11.704.121.61 €.*

*Posteriormente por indicación da Alcaldía foi necesario axustar a contía total de ámbolos dous proxectos á cantidade de 7.200.000 € dando lugar aos proxectos que agora se presentan con data xaneiro 2008.*

*“Mellora da seguridade vial da PO-552 Avda. de Florida (PO/07/013.06)” (Xaneiro 2008), con presuposto base de licitación 4.007.545,59 €.*

*“Mellora da seguridade vial da PO-330 Avda. de Castrelos (PO/07/012.06)” (Xaneiro 2008), con presuposto base de licitación 3.192.454,41 €.*

*Os proxectos foron redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Angel Colsa Lloreda de TICCO Enxeñería S.L.*

*Os criterios seguidos para a minoración de orzamento foron fundamentalmente, o contemplar a recollida convencional de residuos sólidos urbanos eliminando os elementos antes contemplados para a instalación de colectores soterrados, a modificación dos materiais pétreos de pavimentación de beirarrúas e, fundamentalmente, a redución do ámbito das obras. Así na PO-552 Avda. de Florida elimínase o tramo entre a rúa Pablo Iglesias e a Glorieta de San Andrés de Comesaña, aproximadamente uns 580 metros de vía, na PO-330 Avda. de Castrelos (PO/07/012.06) elimínase o tramo entre Alcalde Portanet e a glorieta de conexión coa estrada do CUVI, aproximadamente uns 250 metros de vía.*

*Permanecen os criterios de deseño previstos nos proxectos anteriores.*

*“Mellora da seguridade vial da PO-552 Avda. de Florida (PO/07/013.06)”*

*1.- Circulación de vehículos:*

- *Dous carrís de circulación en sentido de saída de Praza de América.*
- *Un carril de circulación en sentido cara a Praza de América, con prohibición de xiros á esquerda en todo o seu percorrido.*

*2.- Pavimentos:*

- *Beirarrúas con pavimentos de materiais pétreos*

“Mellora da seguridade vial da PO-330 Avda. de Castrelos (PO/07/012.06)”

1.- *Circulación de vehículos:*

- *Dous carrís de circulación en sentido ascendente cara a Praza de América dende a intersección co primeiro cinto*
- *Un carril-BUS de circulación en sentido descendente en sentido de saída de Praza de América ata o Primeiro Cinto.*
- *Dobre sentido circulación dende intersección co primeiro Cinto ata Alcalde Portanet.*

2.- *Pavimentos:*

- *Beirarrúas con pavimentos de materiais pétreos*

Os proxectos inclúen os correspondentes estudos de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de xullo.

Na súa memoria faise mención expresa de que os proxectos comprenden obras completas, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que os proxectos foron redactados atendendo ás normativas técnicas, urbanísticas e ambientais aplicables cumprindo co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte. PROPOSTA:*

*Aprobar técnicaamente os proxectos:*

*“Mellora da seguridade vial da PO-552 Avda. de Florida (PO/07/013.06)” (Xaneiro 2008) cun orzamento base de licitación de 4.007.545,59€. (CATRO MILLÓNS SETE MIL CINCOCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS).*

*“Mellora da seguridade vial da PO-330 Avda. de Castrelos (PO/07/012.06)” (Xaneiro 2008) cun orzamento base de licitación de 3.192.454,41 €. (TRES MILLÓNS CENTO NOVENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS)*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta rectificando a contía dos proxectos de acordo coa proposta de convenio remitida pola Xunta de Galicia.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**40(466).- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-330, AVENIDA DE CASTRELOS E A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-552, AVDA. DA FLORIDA. EXPTE. 55153/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 31.03.08 e de acordo coa proposta da concelleira de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para a realización de obras de mellora e seguridade vial da PO-330, Avda. de Castrelos e a mellora do vial PO-552, Avda. da Florida, cuns presupostos de execución de 3.639.398,03 euros e 4.568.601,97 euros respectivamente.

2º.- Remitir os proxectos técnicos á Consellería.

3º.- Poñer os terreos a disposición da Consellería para a execución das obras.

4º.- Unha vez que as mesmas estén rematadas, aceptar a transferencia dos citados viais que quedará suxeita ás estipulacións da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia e ao Decreto 308/2003, de 26 de xuño.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E O CONCELLO DE VIGO PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-330, AVENIDA CASTRELOS E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-552, AVENIDA DA FLORIDA EN VIGO*

*Vigo, trinta e un de marzo de 2008*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, María José Caride Estévez, Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.*

*Doutra parte, Abel Caballero Álvarez, na súa condición de alcalde do Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto*

**EXPOÑEN**

*No Decreto 308/2003 do 26 de xuño de 2003 no que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, a estrada PO-330 e a PO-552, aparecen definidas como estradas da rede primaria complementaria e primaria básica de titularidade autonómica, respectivamente.*

*Tanto a estrada PO-330 no tramo denominado “Avenida de Castrelos” coma a estrada PO-552 no tramo denominado “Avenida da Florida”, discorren polo termo municipal de Vigo, pasando a formar parte da rede viaria urbana de Vigo. Este carácter de estradas urbanas obriga a axeitar a vía os seus novos usos e a estender os*

*servizos de carácter mais urbano ás zonas que aínda non existen ou ben a renovar os que presentan deficiencias.*

*A avenida de Castrelos é unha das arterias de entrada e saída da cidade de Vigo con maior densidade de tráfico. Nesta arteria localízanse tres dos equipamentos urbanos máis notables da cidade, o Parque de Castrelos, o Instituto Municipal de Deportes e o cemiterio de Pereiró. En concreto, as actuacións previstas abrangerán dende a Praza de América ata a rotonda da Avenida do cemiterio de Pereiró e consistirán na reordenación e adecuación do entorno apostando pola coexistencia, é dicir, crear un espazo urbano adecuado ás necesidades concretas do cidadán e do vehículo, cunha definición equilibrada dos usos das rúas coa construción de beirarrúas, así como a disposición de mobiliario urbano, todo isto coa finalidade de mellorar a seguridade vial desta infraestrutura.*

*Estas actuacións desenvolveranse en distintos tramos:*

*1º-dende a Praza de América ata Arquitecto Palacios, en sentido único. Nesta zona a rúa presenta un funcionamento de rúa residencial e de servizos.*

*2º-dende Arquitecto Palacios ata Alcalde Portanet. Neste segunda zona a rúa fai a función de cinto interior, co que se converte nunha arteria de tráfico fundamental para a cidade.*

*3º-ata a rotonda do cemiterio de Pereiró. Nesta terceira zona de actuación atópase o mencionado cemiterio e é a vía de saída cara a universidade.*

*A avenida da Florida é unha das principais arterias de comunicación do sureste de Vigo, así mesmo e unha das arterias mais populares e con maior densidade de tráfico. O seu funcionamento urbano presenta un problema de falta de espazo polo estreito das beirarrúas, o seu elevado tráfico e o pouco axeitado do seu funcionamento.*

*A proposta de reordenación da avenida da Florida aposta pola coexistencia, é dicir, a creación dun espazo urbano axeitado ás necesidades concretas do cidadán cunha zona definida pola circulación, que non impida a actividade urbana na rúa e onde o peón teña unha certa comodidade.*

*Preséntanse tres zonas claramente definidas:*

*1º- dende a Praza de América ata Martín Echegaray*

*2º- ata a rúa Padre Seixas*

*3º- ata a rotonda da avenida de Critroën*

*O concello de Vigo, ten a necesidade de afrontar, en materia de estrada, a demanda crecente dunha mellora na seguridade vial da infraestrutura viaria no seu ámbito xeográfico, e concretamente no caso específico das avenida de Castrelos e Florida, que teñen características urbanas e presenta importantes carencias que causan afeccións no desenvolvemento do municipio e no benestar dos seus habitantes.*

*A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione aos usuarios da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras mellorando os déficits na seguridade vial e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.*

*Neste contexto, a Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Vigo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida ós seus cidadáns.*

*Constatadas as carencias que neste sentido ten o concello de Vigo e a necesidade de levar a cabo os proxectos de “Mellora da seguridade vial da PO-330, avenida Castrelos e mellora da seguridade vial da PO-552, avenida da Florida”, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo deciden levar a cabo a mencionada obra.*

*Tendo en conta e, considerando a confluencia do intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para unha óptima coordinación e colaboración nas súas actuacións entre ámbalas dúas Administracións. En consecuencia, para regular a colaboración entre ámbalas dúas Administracións, para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes*

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, que permitan realizar as obras definidas no proxecto “Mellora da seguridade vial da PO-330, avenida Castrelos, clave PO/07/012.06 e Mellora da seguridade vial da PO-552, avenida da Florida, clave PO/07/013.06”.

O orzamento de execución da obra denominada reforma da Avenida de Castrelos, na PO-330 de clave PO/07/012.06 estímase en TRES MILLÓNS SEISCENTOS TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS DE EURO (3.639.398,03 €).

O orzamento de execución da obra denominada reforma da Avenida de Florida, na PO-552 de clave PO-07/013.06 estímase en CATRO MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA E OITO MIL SEISCENTOS UN CÉNTIMOS DE EURO CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (4.568.601,97€)

Este importe inclúe os custos derivados das expropiacións, así como o da execución das obras, modificados, revisións de prezos e liquidación de obra.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- 1- Aportar os proxectos técnicos denominado “Mellora da seguridade vial da PO-330, avenida Castrelos e mellora da seguridade vial da PO-552, avenida da Florida” de claves PO/07/012.06 e PO/07/013.06 que serán aprobados, se procede, pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. A achega produciuse no ano 2008.
- 2- Poñer a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes os terreos necesarios, para o cumprimento dos obxectivos deste convenio, é dicir os que non sexan de dominio público, libres de cargas e gravámenes e co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras á que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.  
Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á consellería, o compromiso do acordo, adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia de Réxime Local, a que fai referencia o parágrafo anterior.
- 3- Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras ó ser o concello o titular das mesmas.
- 4- Con carácter previo á licitación das obras, o concello deberá achegar á consellería a certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, á que se fai referencia no apartado 2, é dicir, acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.
- 5- Co acto da sinatura deste convenio, o Concello de Vigo da a súa conformidade e aceptación previa da transferencia ó seu favor da titularidade das avenidas, Florida e Castrelos, de tal xeito que se procede ó inicio do procedemento administrativo da transferencia. A transferencia será efectiva por acordo do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade coas estipulacións da vixente Lei 4/1994 do 14 de setembro, de estradas de Galicia e o Decreto 308/2003 do 26 de xuño. É dicir para o inicio do expediente este acordo constituirase no punto de partida, e polo tanto na solicitude base do procedemento.

Unha vez executadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o concello será o responsable da explotación, mantemento e conservación do tramo da travesía, e dos seus servizos obxecto deste convenio.

6- Unha vez producido o acto formal da recepción das obras pola consellería, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ó contratista derivadas do contrato da obra, a formalización da correspondente acta de entrega realizarase durante os tres meses posteriores á comunicación ó concello da finalización das obras.

#### TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, asume os seguintes compromisos:

- 1- Aprobar, se procede, os documentos técnicos que contemple as obras e actuacións previstas no presente convenio para a execución das obras.
- 2.- Financiar a obra segundo o proxecto, destinando para iso ata un máximo de OITO MILLÓNS DOUSCENTOS OITO MIL EUROS (8.208.000,00 €) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, a cargo da partida orzamentaria 08.03 512B 600.1, distribuídos da seguinte forma:

Obra	Código de proxecto	Anualidades	
Avenida de Castrelos	2008-00274	2008	2.300.000,00
		2009	1.339.398,03
Total:		3.639.398,03	

Avenida da Florida	2008-00275	2008	2.700.000,00
		2009	1.868.601,97
Total:		4.568.601,97	

3.- O importe consignado para a execución das obras e actuacións previstas obxecto deste convenio, inclúe os posibles modificados, revisións de prezos e liquidación de obra.

4.- Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección e recepción das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

5.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras poñerá en coñecemento do Concello de Vigo entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na CLÁUSULA SEGUNDA, COMPROMISOS DO CONCELLO, epígrafe 5 precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ó contratista derivadas do contrato de obras. A formalización da correspondente acta de entrega realizarase durante os tres meses posteriores á comunicación ó concello da finalización das obras.

6.- Co acto da sinatura deste convenio a Administración Autonómica iniciará o procedemento administrativo relativo ó troco da titularidade do tramo das obras contempladas neste convenio a prol do Concello de Vigo segundo o establecido no Decreto 308/2003 de 26 de xuño e o recollido na cláusula segunda "COMPROMISOS DO CONCELLO"

#### CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e dous do Concello de Vigo. As súas funcións entre outras serán as seguintes:

-Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as

actuacións que se consideren precisas.

-Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.

-Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

*Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.*

#### QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

*Este convenio ten natureza administrativa, será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais, e outros entes de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.*

*O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.*

#### SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.-

1.- *As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, poñendo así fin á vía administrativa.*

2.- *Serán causas de extinción deste convenio:*

- *O non cumprimento do seu obxecto,*
- *A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables as partes*
- *O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.*
- *Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes*

*Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.*

3.- *A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, limitará en todo caso a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se produzan por reformados ou por calquera outra causa, o que non implicará subrogación desta en ningún dereito nin obriga que se deriven da titularidade das obras, que corresponderá ó Concello de Vigo.*

#### SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

*Este convenio xurdirá efectos a partir da data da súa sinatura. A vixencia deste convenio manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no proxecto ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan esta Consellería e o Concello acordar a prórroga tras a correspondente solicitude, a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.*

*En todo caso ata o 31 de decembro de 2009, non obstante seguirá xurdindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.*

*O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó*

*acordado en tódalas estipulacións. Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar*

**41(467).- DAR CONTA DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIONS DA TENENCIA DE ALCALDÍA E A CONCELLERÍA DE INDUSTRIA, TURISMO, COMERCIO E CASCOS HISTÓRICOS PRESENTADAS ANTE DIVERSAS ADMINISTRACIÓNS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo en funcións, do 31.03.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

Consonte co previsto no parágrafo quinto d da resolución de Alcal'día de data 20 de xuño de 2007, de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e de delegación da Alcaldía neste órgano e nas correspondentes convocatorias de subvencións, dáse conta das solicitudes de subvencións presentadas ante diversas administracións pola Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada da Área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, ó abeiro da resolución de delegacións de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, parágrafos 2., I.b) e e).

Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia:

- Solicitude de Convenio de colaboración á Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.
- Solicitude de subvención para anovación estética dos centros comerciais abertos de Vigo mediante a instalación semipermanente de alumeado ornamental de baixo consumo.
- Solicitude de subvención para investimentos participativos nos mercados de Vigo: creación de novos servizos 2008-2009.
- Solicitude de subvención para o Proxecto de dinamización do comercio de barrio.
- Solicitude de subvención para a potenciación de monumentos non municipais: alumeado ornamental da parroquia de Santiago de Vigo.
- Solicitude de subvención para a mellora da comunicación e identificación dos recursos turísticos da cidade a través de novas tecnoloxías.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**42(468).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGER DO INMOBLE DA ESTRADA DO VAO Nº 151, PERÍODO 1.04.08-30.09.08. EXPTE. 5108/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 26.03.08, conformado polo concelleiro de dito servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o concello de Vigo alugou o inmoible sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abraín Domingo.*

*O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00-15/05/02 e ,*



segundo a súa Cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira di” De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizaríase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).

Deste xeito, no expediente 1237-077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658-077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04, no 2288-077 as do período 16/05/05-15/05/06, no 3741-077 as do período 16/05/06-30/06/07, no 4554-077 as do período 01/07/07-31/12/07, e no 4965-077 as do período 01/01/08-31/03/08 (achéganse no expediente copias das certificacións dos correspondentes acordos de Comisión de Goberno e Xunta de Goberno Local).

Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prórrogar seis meses máis a relación co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito 26/03/08 remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do novo proxecto acollido ao programa de escolas obradoiro, denominado “Escola obradoiro Mar de Vigo IV”), dende esta Concellaría de Promoción Económica e Emprego enténdese que é necesario e posible prórrogar o citado contrato de arrendamento por un novo período tres meses, período no que se deberá de negociar a posibilidade de adquirir en propiedade o citado inmovible.

Deste xeito, a prórroga do contrato terá vixencia de SEIS MESES (dende o 01/04/08 ata o 30/09/08) e o seu custo mensual, para este período, será de 2.595,22 €, IVE incluído.

Para o ano 2008 (do 1 de abril ao 30 de setembro, 6 meses), o importe deste arrendamento será, pois, de 15.571,32 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmobles”, do presuposto do ano 2008.

En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, proponse á Xunta de Goberno Local aprobar o seguinte:

- Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF G36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q. As condicións esenciais desta prórroga son as que seguen: A duración da prórroga do contrato será de seis meses (6 meses), a partir do 01/04/2008, sendo o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade de 2.595,22 euros/mes (IVE incluído).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **43(469).- PROPOSTA PARA CONCERTAR UNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, do 25.01.08, que di o seguinte:

Ó obxecto de concertar a operación de préstamo que está incluída no Estado de Ingresos do orzamento xeral

aprobado para o ano 2008 no concepto 917.00, redactáronse ás condicións ás que se suxeitará a mesma, así como o modelo de contrato a subscribir que conformará ó mesmo tempo o modelo de oferta.

Esta Concellería Delegada de Área de Economía e Facenda, en base ás delegacións de 20 de xunio, 5 de xullo e 16 de xulio de 2007 da Alcaldía-Presidencia e Xunta de Goberno Local, ó amparo do previsto no artigo 127.1.f da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

- a) Aprobadas condicións e características ás que quedará suxeita a operación de crédito a concertar por un importe de 16.700.000,00 euros, que figuran no Estado de Ingresos do Orzamento no concepto 917.00 para financiar parte do plan de investimentos e outras operacións de capital que figuran no Orzamento Xeral aprobado.
- b) Aprobar o modelo de contrato a formalizar pola entidade financeira que resulte adxudicataria da operación e que conformará o modelo de oferta para os licitadores.
- c) Someter o procedemento a publicidade, inserindo un anuncio nos xornais de maior tirada da cidade e cos prazos de presentación de ofertas que figuran nas características da operación.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### A) CARACTERÍSTICAS DA OPERACIÓN PRESTAMO A CONCERTAR

- *Importe:* 16.700.000,00 euros
- *Natureza:* Préstamo con apertura de conta de crédito.
- *Tipo de interese:* Variable, referenciado a EURIBOR.
- *Prazo de amortización:* 10 anos.
- *Plan de amortización:* Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2009 e a última o 30.12.2018. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargarase a amortización o primeiro día hábil anterior.
- *Liquidación de intereses:* Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre ou hábil anterior, e o primeiro, que se liquidará desde a/as disposicións do período ata o fin do trimestre natural.
- *Carencia:* Dende a sinatura do contrato ata o 30.12.2009.
- *Consolidación do importe:* 31.12.2008.
- *Período de disposición:* O de carencia.
- *Amortización anticipada:* Sen custo.

- Apertura da póliza: Sen custo.

A oferta das entidades financeiras consistirá no modelo de contrato que deberán retirar das dependencias de Contabilidade ou da Intervención Xeral en horas de oficina, debidamente cuberto nos espazos sinalados nas cláusulas: PRIMEIRA, SEGUNDA, CUARTA, QUINTA, SEXTA, OITAVA, DECIMA, UNDECIMA, DUODECIMA DÉCIMOTERCEIRA, DÉCIMOCUARTA, DÉCIMOQUINTA E DÉCIMOSEXTA.

Nalgunhas cláusulas os espazos a encher refírense ao nome da entidade financeira.

Non se admitirá outro modelo de oferta que o citado, que deberá ser asinado por persoa autorizada.

Deberase achegar coa oferta (contrato), o poder bastante da persoa que a sinatura, certificación de estar ao corrente en todos os ingresos fronte á Facenda Municipal.

A operación será adxudicada á entidade que resulte máis vantaxosa para os intereses municipais.

Os criterios de adxudicación a ter en conta serán:

- A mellora que se oferte no CAP, por cada 10 puntos básicos, 1 punto.
- Diferencial, por cada punto básico, o baremo será o seguinte:

1º 1 punto

2º 2 puntos

3º 3 puntos

A partir do 4º e seguintes, 4 puntos.

Para unha oferta que mellore catro puntos básicos, a puntuación será de 10 puntos.

As ofertas entregaranse pechadas no Rexistro Xeral no prazo dos sete días seguintes á publicación do anuncio na prensa ou primeiro día hábil seguinte.

Os custos do anuncio serán por conta do adxudicatario, e deberán ser ingresados con anterioridade á sinatura do contrato, debendo acreditarse tal circunstancia.

A apertura das ofertas farase ás dez horas do día 16 de abril. Para tal acto constituiráse unha Mesa que abrirá os sobres das ofertas, e evaluará as mesmas, tendo en conta os criterios de adxudicación. A mesa estará presidida pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, e formarán parte da mesma, como Secretario da mesma o titular do Órgano de apoio a Xunta de Goberno Local, o Sr. Interventor Xeral, o Sr. Tesoureiro e outro membro desinado pola Sra. Presidenta da Mesa.

O contrato formalizarase nun prazo non superior aos dez días hábiles posteriores á adxudicación da operación.

Poderase retirar da oficina de Contabilidade ou da Intervención Xeral a certificación na que se fan constar os índices de aforro neto, endebedamento total, endebedamento a curto prazo, de aprobación do Presuposto e de competencia do órgano de contratación.

B) MODELO DE CONTRATO DE PRESTAMO CON APERTURA DE CREDITO A FAVOR DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO POR IMPORTE DE 16.700.000,00 EUROS

Na Cidade de Vigo a,

Ante min, D. Xosé Manuel Lorenzo Penela, órgano de apoio á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en exercicio da súa función de Fedatario Público, en virtude do establecido no art. 162.1 b) do R.D.L. 781/86, de 18 de abril e art. 126.4 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

COMPARECEN

ENTIDADE A FINANCEIRA ( ), con domicilio para os efectos deste contrato en ( ) representada por D.( ) NIF ( ), apoderado da Entidade segundo poder ao seu favor outorgado ante o Notario D.( ) de data ( ), co número ( ) do seu protocolo, inscrito no Rexistro Mercantil no tomo ( ), folio ( ), folla ( ) inscrición ( ).

O Excmo. Concello de Vigo, representado neste acto polo seu Alcalde Presidente Ilxmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, e con domicilio para os efectos deste contrato en Praza do Rei, s/n, Vigo.

Recoñecéndose segundo concorren, capacidade legal suficiente para outorgar este contrato de APERTURA DE CREDITO, formalízano con suxeición ás seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: APERTURA DE CREDITO: PRAZO LIMITE

Dende o día da data e ata o 30.12.2009, a ENTIDADE FINANCEIRA ( ) abre un crédito a favor do Excmo. Concello de Vigo, por importe de DIECESEIS MILLÓNS SETECENTOS (16.700.000,00 EUROS), con destino a financiar o plan de investimentos e outras operacións de capital contido no Presuposto Xeral aprobado para o ano 2008.

Non entando o anterior, por mor dos axustes, baixas e outras causas que sobreviñesen en execución do plan de investimentos e doutras operacións de capital, o límite inicial fixado, poderá, o Excmo. Concello, reducirlo dentro do primeiro trimestre do 2009, debendo comunicalo fehacientemente á Entidade Financeira o novo importe máximo.

SEGUNDA: CONTA- DISPOSICIÓNS CREDITO

As disposicións do crédito concedido reflectiranse nunha conta aberta pola ENTIDADE FINANCEIRA ( ) a nome do Excmo. Concello de Vigo, denominada "Conta de Disposicións do Crédito", Código ( ) na que se irán debendo as cantidades que a ENTIDADE FINANCEIRA ( ) desembolse para os fins e ata o límite sinalado na estipulación PRIMEIRA.

Os xuros que se devenguen polas disposicións efectuadas ata a consolidación da operación, serán cargados aos respectivos vencementos, na conta prevista na estipulación UNDECIMA.

TERCEIRA: FORMA DE FACER DISPOSICIÓNS DO CRÉDITO.

*As disposicións de fondos con cargo á Conta de Disposicións do Crédito efectuaranse por medio de cheque ou orde de traspaso subscrito polo Alcalde-Presidente coa toma de razón dos señores Interventor e Tesoureiro.*

*As disposicións deberán ser anunciadas con dous días hábiles de anticipación, como mínimo, e o seu importe non poderá ser inferior a 180.000 euros. As solicitudes de disposición serán irrevogables.*

**CUARTA: INTERESES CONTA DISPOSICIÓN CREDITO**

*1. O saldo debedor da Conta de Disposicións do Crédito devengara, durante o prazo previsto na estipulación PRIMEIRA, xuros día por día.*

*Os xuros liquidaranse agrupados por períodos, coincidentes cos previstos no apartado a) do número 1 da estipulación SEXTA, que serán comúns para todas as disposicións do crédito, calquera que sexa a súa data. A este fin o primeiro período de liquidación de xuros de cada disposición pecharase coincidindo co peche do período de interese das disposicións en curso e liquidarase ao mesmo tipo de xuro calquera que sexa o número de días que comprenda.*

*O primeiro período de liquidación de xuros da primeira disposición pecharase o último día do trimestre natural corrente, liquidándose ao tipo de xuros que corresponda para un período de interese de duración trimestral. Os sucesivos períodos computaranse dende aquela data de peche e segundo o réxime previsto na estipulación SEXTA. O tipo de xuro nominal anual para o primeiro período será do ( ).*

*O último período de liquidación de xuros pecharase o último día do trimestre natural correspondente á finalización do período de disposicións, producíndose o cargo da citada liquidación dentro do ano natural, computándose a liquidación do último trimestre ata o 31 de decembro ou o anterior se aquel fose inhábil.*

*O pagamento de intereses efectuarase, sen requirimento previo, o primeiro día do período seguinte ao que corresponda, a excepción do último trimestre de cada ano que o pagamento se efectuará o último día do trimestre natural ou último hábil*

*2. O cálculo de intereses efectuarase multiplicando cada un dos sucesivos saldos debedores diarios do período de liquidación polo tipo de interese nominal diario, sumando os produtos e dividindo o resultado por cen.*

*O tipo porcentual nominal diario determinarase dividindo o tipo de interese nominal anual por trescentos sesenta.*

*O tipo de interese nominal anual determinarase con suxeición ás regras previstas na estipulación SEXTA.*

*Se durante este período non puidese determinarse o tipo de interese conforme ás regras previstas na estipulación SEXTA, rexerá durante este o último tipo aplicado.*

**QUINTA: CONSOLIDACIÓN DA DÉBEDA**

*Vencido o período de dispoñibilidade previsto na estipulación PRIMEIRA, virá o Excmo. Concello de Vigo, obrigado a devolver á ENTIDADE FINANCEIRA ( ) o seu importe mediante dez cotas anuais consecutivas iguais, sendo a primeira o 31 de decembro de 2009 e a última o 31 de decembro do ano 2018, se en calquera dos casos, esa data fose inhábil, a cota de amortización devengará e cargaría o último día hábil do ano natural. As diferenzas por redondeo compensaranse na última entrega.*

Se a 30 de decembro de 2009, o Excmo. Concello non dispuxese da totalidade do límite do crédito comunicado a Entidade Financeira dentro do primeiro trimestre do ano 2009, as cantidades en depósito serán traspasadas a unha conta específica, a apertura da cal autoriza o Excmo. Concello, que será retribuída de acordo aos pactos e condicións que nese momento se fixen entre as partes.

As disposicións con cargo á conta específica á que se fai referencia no parágrafo anterior, efectuaranse cos mesmos requisitos formais que as demais disposicións do crédito (coa sinatura dos tres craveiros), se ben os importes poden ser distintos que os previstos na disposición TERCEIRA.

**SEXTA: INTERESES DO PRESTAMO**

O capital pendente de reembolso devengará, diariamente, o xuro nominal anual variable, á alza ou á baixa, que se determina nas regras seguintes:

- a) Para determinar o tipo de xuro nominal aplicable, o prazo total do empréstimo ou crédito dividirase en períodos de interese sucesivos, de duración trimestral.
- b) O tipo de interese nominal anual vixente en cada período determinarase sumando unha "marxe" de 0.25 puntos porcentuais ao "tipo de referencia" que corresponda ao período, redondeada a devandita suma, se resulta unha cifra fraccionaria, a cifra máis próxima múltiplo superior dun vinteavo dun un por cento.

A ENTIDADE FINACIERA ( ) oferta unha mellora o marxe previsto no parágrafo anterior de ( ) puntos porcentuais (por cada centésima, 0,01), fixando esta porcentaxe en ( ) puntos porcentuais.

Será "tipo de referencia" por cada período anual o "tipo EURIBOR", entendéndose Por "TIPO euribor" (euro InterBank Offered Rate: Tipo Interbancario ofrecido en euros) aos efectos deste contrato, o tipo de contado publicado pola Federación Bancaria Europea, cara ás 11 horas da mañá (hora de Bruxelas), a través de "Bridge Telerate" ou do provedor do servizo de pantalla que lle poida substituír, para as operacións de depósito en euros a prazo de tres meses, calculado a partir do ofertado por unha mostra de bancos para operacións entre entidades de similar cualificación e referido ao segundo día hábil anterior ao de inicio de cada período de interese. Este tipo de referencia é así mesmo publicado diariamente no Boletín da Central de Anotacións do Banco de España.

Non entando, o tipo de xuro nominal anual aplicable a operación durante toda a súa vida, non poderá ser superior o 7,00 por 100 anual, a ENTIDADE FINANCEIRA ( ) oferta unha mellora de ( ) puntos porcentuais ou básicos (por cada centésima, 0,01 ou 10 puntos básicos), sendo o CAP da operación ( ). Para este CAP, a Entidade Financeira ( ) no oferta custe adicional algún. Non se admite Floor.

- c) A ENTIDADE FINANCEIRA ( ) comunicará ao Excmo. Concello de Vigo, o día hábil anterior ao inicio de cada período, antes das 11 horas, o tipo de interese nominal aplicable correspondente ao período, debendo aquel, de non o convir, comunicar fehacientemente á ENTIDADE FINANCEIRA ( ) a resolución do contrato antes das trece horas da mañá do mesmo día, entendéndose noutro caso que acepta o tipo proposto. No suposto de non aceptación, o Excmo. Concello disporá do prazo dun mes para reintegrar o capital pendente de reembolso, liquidándose os intereses deste prazo ao último tipo aplicado. Esta comunicación é obrigatoria, non procedendo o cargo por liquidación de xuros si non se produxese esta comunicación. Así mesmo e conha

antelación de dous días o día de cargo das liquidación se remitirá por Fax, a liquidación do cargo que se vai a facer, facendo constar o capital sobre o que xiran os xuros, o tipo de xuro aplicado os días correspondentes a liquidación e demais datos comprensivos pa comprobar a liquidación final. Tanto a comunicación dos tipos aplicables o periodo como a liquidación, faráanse a Unidade Central de Contabilidade nos prazos establecidos nesta estipulación

d) Se non resultase posible a determinación do tipo de xuros con suxeición ás regras anteriores, calquera das partes poderá, en calquera momento do prazo de reembolso, pola resolución do contrato, rexendo no intervalo o último tipo aplicado. O Excmo. Concello disporá, en este suposto de resolución, do prazo dun mes para reembolsar o principal, ou do prazo de tres meses, se a resolución procedese por determinación da ENTIDADE FINANCEIRA ( ).

1. Os xuros aboaranse polo Excmo. Concello de Vigo, sen requirimento previo, sempre que se houberen cumprido os requirimentos e comunicacións previstos nos apartados precedentes, o primeiro día do período de interese seguinte ao que corresponda, coa excepción do último trimestre de cada ano, que o pagamento se efectuará o último día do trimestre natural tendo en conta o previsto na estipulación CUARTA.

Os xuros liquidaranse polos días efectivamente transcorridos.

O cálculo dos xuros correspondentes a cada período de liquidación efectuarase multiplicando o capital non amortizado polo tipo porcentual nominal de xuro correspondente ao período e dividindo o produto por cen.

O tipo porcentual nominal de xuro correspondente ao período determinarase dividindo o tipo de xuro nominal anual aplicable por 360 e multiplicando o resultado polo número de días do período de liquidación, debendo remitirse a citada liquidación trimestralmente ao Excmo. Concello de Vigo coa antelación prevista no apartado c) da ESTIPULACIÓN SEXTA.

SEPTIMA: DEVOLUCION DO PRESTAMO.

O Excmo. Concello de Vigo obrígase a devolver o capital mediante dez cotas anuais consecutivas.

As citadas cotas deberán ser satisfeitas os días 31 de decembro de cada ano. A primeira cota de amortización de capital deberá facerse efectiva o 31 de decembro do ano 2009 e a última o 31 de decembro do ano 2018, sempre tendo en conta o previsto na estipulación QUINTA en canto os días hábiles.

O Excmo. Concello poderá anticipar en calquera tempo a amortización total ou parcial do capital se se hallare ao corrente no cumprimento das súas demais obrigas. A amortización deberá ser anunciada coa antelación mínima dun mes e a súa data deberá coincidir coa finalización dun período de xuros e non devengará custo ningún para o Concello.

OITAVA: VENCEMENTO anticipado

O contrato poderá ser resulto pola ENTIDADE FINANCEIRA ( ) antes do seu vencemento cando conorra algunha das seguintes circunstancias::

a) Falta de pagamento polo Excmo. Concello, ao seu respectivo vencemento, de calquera cantidade debida en virtude do contrato, por principal, intereses, comisións, gastos ou calquera outro concepto.

b) Inexactitude, total ou parcial, das declaracións formuladas polo Excmo. Concello na estipulación

#### DÉCIMA.

- c) Incumprimento polo Excmo. Concello de calquera outra obriga ou compromiso asumido no contrato, se non fose remediado, sen prexuízo algún para a ENTIDADE FINANCEIRA ( ), nun prazo de quince días hábiles a contar da data en que o Excmo. Concello Vigo fose informado do incumprimento pola ENTIDADE FINANCEIRA ( ).
- d) Concurso de calquera outra causa que, conforme a Dereito, determine a resolución ou vencemento anticipado.

Resolto o contrato, o Excmo. Concello virá obrigado ao reintegro do principal pendente de pagamento, cos seus xuros, comisións, gastos e calquera outro concepto lexítimo dentro do mes seguinte, contado a partir da data de notificación da resolución.

#### NOVENA:

O Excmo. Concello de Vigo consignará nos sucesivos orzamentos, ínterin rexa o contrato, as cantidades necesarias para facer efectivas as obrigas que deste se derivan.

#### DECIMA:

En garantía do pagamento do principal, intereses, comisións, gastos e costas, o Excmo. Concello de Vigo afecta e grava, directa e especialmente, na contía necesaria os ingresos que se produzan pola taxa de recollida de lixos, ao efecto da cal se considera á ENTIDADE FINANCEIRA ( ) acreedor do Excmo. Concello de Vigo.

En caso de supresión ou insuficiencia comprobada do recurso afectado, quedará ampliada, e no seu caso substituída a taxa afectada, por aqueles outros que, con aprobación da ENTIDADE FINANCEIRA ( ), determine o Excmo. Concello, en contía abonda para que quede asegurado o ingreso das cantidades debidas.

A representación do Excmo. Concello de Vigo declara, aos fins deste contrato, que a Taxa de recollida de lixos atopase libre en contía abonda para garantir o cumprimento das obrigas derivadas deste contrato.

#### UNDÉCIMA:    CONTA DE CARGO DO PRESTAMO

Dende o día en que se formalice o contrato, o Excmo. Concello de Vigo manterá aberta na ENTIDADE FINANCEIRA ( ) a conta ( ) para que, nos respectivos vencementos, poida esta cargar os correspondentes recibos por xuros e por amortizacións, para o cal queda irrevogablemente facultada, debéndose os recibos con valor do día do vencemento.

O Excmo. Concello de Vigo terá dispoñibles en tempo os recursos suficientes para o pagamento daqueles recibos. A tal fin, o Excmo. Concello de Vigo comunicará aos servizos competentes o contido íntegro deste contrato aos efectos do seu debido cumprimento e terá as cantidades que resulten precisas, ata cubrir a suma que por intereses estimados e amortizacións deba ser satisfeita cada ano á ENTIDADE FINANCEIRA ( ), ingresándoa na conta salientada no apartado primeiro na contía e data oportuna para que poidan ser cargados os recibos nos seus respectivos vencementos.

#### DÉCIMOSEGUNDA:



O Excmo. Concello de Vigo notificará á ENTIDADE FINANCEIRA ( ) todos os acordos que afecten en calquera modo ás estipulacións deste contrato, e especialmente, aos recursos dados en garantía, co fin de que poida recorrer contra os que estime que lle perxudícan.

DÉCIMOTERCEIRA: XUROS DE MORA

Todas as obrigas pecuniarias vencidas e non pagadas devengarán, sen necesidade de intimación nin prexuízo das accións resolutorias que á ENTIDADE FINANCEIRA ( ) lle corresponden, o xuro contractual vixente en cada momento incrementado en dous puntos porcentuais, ao efecto da cal poderá a ENTIDADE FINANCEIRA ( ) capitalizar dende o seu vencemento os xuros líquidos non satisfeitos, calquera que sexa a súa índole.

A liquidación e pagamento dos xuros de mora axustaranse ás regras previstas para os ordinarios.

DÉCIMOCUARTA: DECLARACION DA PRESTAMISTA

O Excmo. Concello formula as seguintes declaracións:

- a) Que ten plena capacidade para outorgar e cumprir o contrato e adoptou todos os acordos e actuacións necesarios para o outorgamento e cumprimento.
- b) Que o outorgamento e cumprimento do contrato non contravén ningunha norma de calquera rango a que o Excmo. Concello estea suxeito, sendo válidas e vinculantes as obrigas contraídas por este en virtude do contrato.
- c) Que toda a información subministrada polo Excmo. Concello á ENTIDADE FINANCEIRA ( ) é correcta, non existindo feitos nin omisións que desvirtúen a devandita información.
- d) Que non se require ningún consentimento, autorización, trámite ou aprobación, en relación co outorgamento, validez e esixibilidade do contrato, que non se obtivera previamente á súa formalización.
- e) O Concello de Vigo, porá a disposición dos licitadores, unha certificación sobre o cumprimento dos requisitos básicos para a concertación da operación de endebedamento: Aforro Neto, porcentaxe de endebedamento, estabilidade orzamentaria e aprobación do orzamento para o ano 2008.

DÉCIMOQUINTA:

As comunicacións entre o Excmo. Concello de Vigo e a ENTIDADE FINANCEIRA ( ) que non tivesen prevista no contrato unha forma especial, realizaranse utilizando calquera medio que permita deixar constancia do seu envío e recepción.

Para os efectos de calquera comunicación, notificación ou requirimento se sinalan como domicilios os que figuren neste contrato.

DÉCIMOSEXTA:

*A efectos meramente informativos faise constar que a suma de xuros, que o Excmo. Concello de Vigo está obrigado a pagar á ENTIDADE FINANCEIRA como contraprestación polo Préstamo recibido e os servizos inherentes a este, equivale, con referencia aos termos do contrato, á taxa efectiva anual pospagable do ( ) por cento, equivalencia obtida por aplicación da fórmula recollida no ANEXO V da circular 8/1990, do 7 de setembro, do Banco de España (BOE números 226 e 313, do 20 de setembro de 1990 e 31 de decembro de 1993, págs. 27506 e 37835, respectivamente).*

**DECIMOSEPTIMA:**

*O presente contrato poderá ser elevado a escritura pública a petición de calquera das partes, correndo cos gastos inherentes a tal elevación, o seu solicitante.*

*E en proba de conformidade, asinan este documento por cuadruplicado, no lugar e data arriba indicados.*

**44(470).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

**A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,**

**Isaura Abelairas Rodríguez.**